AE 5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.....	16
4. Prioridades xeográficas, transversais e colectivos prioritarios	17
4.1. Prioridades xeográficas.....	17
4.2. Prioridades transversais	17
4.3. Colectivos prioritarios.....	19
5. Marco de resultados de xestión.....	20
R.X.1. A cooperación galega alíña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS.....	20
R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.	20
R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.	21
R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.	22
R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade para a consecución dos ODS.....	22
R.X.6. A cidadanía galega accede a información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega consecución dos ODS.	24
6. Modalidades e instrumentos de axuda	24
6.1. Convocatorias públicas	24
6.2. Outros instrumentos: convenios e cooperación técnica	25
7. Avaliación e xestión do coñecemento.....	26
8. Marco orzamentario	27
9. Marco de resultados e indicadores	28

15.05.2018

Acrónimos e siglas

AECID	Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento
AE	Ámbito estratéxico
AH	Acción humanitaria
ANX	Acordo de nova xeración
AOD	Axuda oficial ao desenvolvemento
CCAA	Comunidades autónomas
CGONGD	Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
CINCODE	Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento
CINTERCODE	Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento
CONGACODE	Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento
DIH	Dereito internacional humanitario
DXRREE e UE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
FONDO GALEGO	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
IDH	Índice de desenvolvemento humano
LA	Liña de acción
MAEC	Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación
MAP	Marco de asociación país
NNUU	Nacións Unidas
ODM	Obxectivos de desenvolvemento do milenio
ODS	Obxectivos de desenvolvemento sostible
ONGD	Organización non governamental de desenvolvemento
OSC	Organizacións da sociedade civil
PACI	Plan anual da cooperación internacional
PALOP	País africano de lingua oficial portuguesa
PMA	Países menos adiantados
RGCUD	Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento
RX	Resultado de xestión
SDXCE	Subdirección Xeral de Cooperación Exterior
VARD	Vinculación entre axuda, rehabilitación e desenvolvemento

Def 2018

Vaturel

1. Introducción

1. No ano 2017 conmemorouse o XXV aniversario da realización das primeiras actividades da Xunta de Galicia en materia de cooperación para o desenvolvemento. Desde aquela semente inicial do ano 1992, tense consolidado unha política pública galega de cooperación e solidariedade global en canto **expresión da corresponsabilidade e do compromiso solidario da sociedade galega** coas comunidades e pobos empobrecidos, que procuran a realización do seu dereito ao desenvolvemento humano sostible.

2. O IV Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento (2018-2021) enmárcase na nova axenda global de desenvolvemento, definida pola *Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible* das Nacións Unidas. Este marco de acción, que substitúe á Declaración do Milenio e os seus Obxectivos de desenvolvemento do milenio (ODM), constitúe o referente para as políticas de cooperación e desenvolvemento, para os instrumentos de financiamento e para as alianzas a nivel mundial. A Axenda 2030 e os seus Obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) demandan unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países cos que se asocia a cooperación galega, promovendo alianzas para a conservación do noso planeta, a construción da paz, a realización dos dereitos humanos, e unha prosperidade compartida.

3. Ademais, este plan nace nun contexto de crecemento económico e recuperación financeira que permitirá avanzar de xeito sostible cara á aspiración colectiva da cidadanía galega de destinar o 0,7% dos orzamentos da Xunta de Galicia a axuda oficial ao desenvolvemento tal e como recomendan a *Lei 3/2003 de cooperación para desenvolvemento* e o *Pacto galego contra a pobreza* do ano 2010. Non obstante, máis alá dos recursos orzamentarios, dáse continuidade aos procesos para fortalecer un sistema galego de cooperación máis estratéxico, eficaz, coordinado e complementario, poñendo en valor a experiencia e capacidades dos actores públicos e dos axentes de cooperación para a consecución de logros colectivos no marco dos ODS.

4. Este exercicio de planificación estratéxica presenta as seguintes características diferenciadoras:

1. O **aliñamento coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible das Nacións Unidas** contribuíndo aos esforzos colectivos da cidadanía galega e dos actores públicos e axentes de cooperación para a consecución dos ODS.
2. A continuidade na planificación estratéxica baseada no modelo de **xestión orientada a resultados de desenvolvemento** reforzando, á súa vez, a **identidade, as vantaxes comparativas e o valor engadido da cooperación galega**.
3. A **previsibilidade dos recursos dispoñibles** no marco dun crecemento sostible do Programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento da Xunta de Galicia.
4. A **transparencia e promoción dunha participación ampla e activa** dos actores e axentes galegos de cooperación durante o seu proceso de elaboración de tal xeito que resulte coherente cos principios dunha política pública participativa e participada.
5. Tal e como aconteceu durante a vixencia do anterior Plan director, a política pública de cooperación da Xunta de Galicia promoverá a transparencia e a rendición de contas activa á cidadanía galega dos seus logros na consecución dos ODS, así como do cumprimento dos resultados previstos neste Plan director. Ademais, apoiarase o traballo de promoción dunha conciencia solidaria na cidadanía galega e a súa participación nas accións de solidariedade a nivel local e global para a transformación social.

2. Fundamentos da cooperación galega

6. O proceso participativo de planificación estratéxica liderado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) facilitou unha reflexión colectiva sobre o sentido e valor diferencial da cooperación galega no marco da axenda global de desenvolvemento. Neste apartado analízanse os principais elementos desta nova axenda, os logros e desafíos para a cooperación galega, renóvase a súa misión e visión, enuméranse os principios e criterios que inspiran e orientan as accións de cooperación lideradas pola Xunta de Galicia, e descríbense as capacidades coas que conta.

2.1. Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible das Nacións Unidas

7. En setembro de 2015 as Nacións Unidas aprobaron a **Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible**, resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo no que se implicaron representantes oficiais dos 193 estados membros, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial. Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substitúe á plasmada na Declaración do Milenio do ano 2000, que se materializou nos ODM, marco estratéxico no que se desenvolveron os tres primeiros plans directores da cooperación galega.

Cadro 1: Esferas da Axenda 2030

1. Poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e dimensións, fomentar a resiliencia e velar porque todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade nun medio ambiente saudable. As **persoas** no centro.
 2. Protexer o planeta contra a degradación, mediante a produción e o consumo sostibles, a xestión sostible dos recursos naturais e a través de medidas urxentes para facer fronte ao cambio climático. Preservar o noso **planeta**.
 3. Fomentar un desenvolvemento económico, integrado, inclusivo e sostible, que reduza a desigualdade, reforce a equidade e as capacidades das persoas, para que todos os seres humanos poidan gozar dunha vida próspera e plena. Unha **prosperidade** compartida.
 4. Propiciar sociedades pacíficas, xustas e inclusivas, libres do temor e da violencia. Construír a **paz**.
 5. Mobilizar os medios necesarios para implantar a Axenda 2030 e promover un espírito de maior solidariedade mundial, que se centre particularmente nas necesidades das persoas máis pobres e vulnerables, coa colaboración de todos os países, todas as partes interesadas e todas as persoas. Construír **partenariados/alianzas**.
8. Esta nova axenda presenta unha visión máis ambiciosa e holística do desenvolvemento sostible, integrando as dimensións económica, social e ambiental nos seus **17 ODS** e 169 metas. Ademais, a Axenda 2030 presenta tres novidades que marcan a diferenza con respecto dos ODM:
1. **Universalidade**: impoñendo responsabilidades compartidas ao conxunto de estados que integran a comunidade internacional en todos os niveis de gobernanza supraestatal, estatal e local.
 2. **Integralidade**: reflectindo a multidimensionalidade dos procesos de desenvolvemento.
 3. **Diversidade**: promovendo a xeración de alianzas e espazos multiactor, de tal xeito que cada actor poida fornecer unha achega significativa e relevante aos procesos de desenvolvemento sostible.

17 of 2019

Valencia

9. A Axenda 2030 constituirá o marco global dentro do que se desenvolverán os vindeiros tres plans directores da cooperación galega. Por este motivo, faise preciso afondar na acomodación a esta nova axenda da identidade singular da política pública galega de cooperación para o desenvolvemento, así como do conxunto de políticas públicas da Xunta de Galicia. Neste senso, a Axenda 2030 facilita a comprensión da achega da sociedade galega á provisión de bens públicos globais e rexionais, como son a sostenibilidade ambiental, a paz e seguridade, a estabilidade económica e financeira, a saúde global, o coñecemento e a cultura, e a diversidade das expresións culturais e a interculturalidade.

10. A **Unión Europea** ten asumido a Axenda 2030 a través da aprobación en 2017 do *Novo consenso europeo sobre desenvolvemento. O noso mundo, a nosa dignidade, o noso futuro*. A DXRREE e UE participou na súa elaboración a través da responsabilidade da relatoría do ditame do Comité Europeo das Rexións sobre este documento estratéxico. Neste ditame reiterouse o valor da Axenda 2030 e a achega específica que a cooperación oficial descentralizada ao desenvolvemento pode realizar nos seguintes aspectos:

1. A xeración de asociacións e alianzas de desenvolvemento sostible a longo prazo e irmanamentos con institucións homólogas nos países socios, reforzando a apropiación democrática local dos procesos de desenvolvemento sostible.
2. A aposta pola educación para a cidadanía global e a comunicación para o desenvolvemento sostible, no nivel da concienciación crítica da sociedade e da mobilización social a favor dun maior compromiso coa participación solidaria e coa política pública de cooperación.
3. A maior capacidade de resposta ás necesidades locais pola súa proximidade e presenza territorial, así como polo desenvolvemento de coñecementos especializados nos sectores que tradicionalmente propician a redución da pobreza (habitabilidade, planificación urbana, auga e saneamento, xestión de residuos, servizos sociais, etc.). Deste xeito, capitalízanse as súas propias capacidades para a xestión de políticas públicas de benestar a nivel local e rexional na loita contra a pobreza, a exclusión e marxinación social, a desigualdade, e na promoción da cohesión social e o desenvolvemento sostible.
4. A experiencia e competencias en desenvolvemento territorial e local, descentralización e fortalecemento da gobernanza democrática local.
5. A promoción de asociacións multiactor cun alto protagonismo, liderado e participación das organizacións da sociedade civil nos países socios e en Europa.

11. A **nivel estatal**, desde 2014, a cooperación descentralizada oficial ao desenvolvemento, como ámbito e competencia da acción exterior das comunidades autónomas e da administración local, tense adecuado ao marco renovado da acción do exterior do Estado, tal e como se define na *Lei 2/2014, de 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado* e na *Lei 25/2014, do 27 de novembro, de tratados e outros acordos internacionais*. A Comunidade Autónoma de Galicia reflectiu esta nova normativa a través de dous decretos: o *Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia* e o *Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento*.

12. Ao tempo, en 2017 definiuse colectivamente a **acción exterior de Galicia** a través da *Estratexia galega de acción exterior. Horizonte post-2020*, na que se establece un marco de coordinación, cooperación e colaboración do conxunto de actores e axentes galegos da acción exterior. A cooperación para o desenvolvemento recoñécese como un ámbito sectorial prioritario no marco da Axenda 2030 e os ODS, salientando que debe fomentar a coherencia e complementariedade coa cooperación europea e española mediante a posta en valor da súas





Proxecto de IV Plan director da cooperación galega (2018-2021)

vantaxes comparativas. Neste senso, o IV Plan director da cooperación galega (2018-2021) promove a coherencia estratéxica, a coordinación operativa e a complementariedade de esforzos co V Plan director da cooperación española (2018-2021).

13. O compromiso da administración autonómica e do Goberno galego coa axenda global de desenvolvemento e a asunción da súa responsabilidade compartida nos procesos multinivel para acadar o seu cumprimento como Administración pública sub-estatal, tense posto de manifesto na encomenda da elaboración dun estudo verbo da **implantación da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible pola Xunta de Galicia**. Este estudo ofrece unha visión integral das posibles achegas de Galicia aos ODS, tanto a nivel interno, a través das políticas públicas galegas, como a nivel externo, a través da acción exterior pública e privada.

14. Polo tanto, este Plan director asume estes referentes normativos, estratéxicos e operativos focalizando os recursos, capacidades e activos da cooperación galega no cumprimento da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible e os ODS, así como do seu marco de resultados, metas e indicadores propostos.

Cadro 2: Os Obxectivos de desenvolvemento sostible

1. Poñer fin á pobreza en todas as súas formas e en todo o mundo
2. Poñer fin á fame, acadar a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición, e promover a agricultura sostible.
3. Garantir unha vida sa e promover o benestar de todas as persoas a todas as idades.
4. Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade, e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas.
5. Lograr a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e nenas.
6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sostible da auga e o saneamento para todas as persoas.
7. Garantir o acceso a unha enerxía accesible, fiable, sostible e moderna para todas as persoas.
8. Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o pleno emprego e produtivo e o traballo decente para todas as persoas.
9. Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible, e fomentar a innovación.
10. Reducir a desigualdade nos países e entre eles.
11. Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles.
12. Garantir modalidades de consumo e produción sostibles.
13. Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.
14. Conservar e empregar sostiblemente os océanos, os mares e os recursos mariños para acadar o desenvolvemento sostible.
15. Protexer, restablecer e promover o uso sostible dos ecosistemas terrestres, xestionar sostiblemente os bosques, loitar contra a desertificación, deter e inverter a degradación das terras, e deter a perda da biodiversidade.
16. Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sostible, facilitar o acceso á xustiza para todos, e construír a todos os niveis institucións eficaces e inclusivas que rendan contas.
17. Fortalecer os medios de implantación e revitalizar a Alianza mundial para o desenvolvemento sostible.

15 de maio de 2018

Valencia

2.2. Logros e desafíos da cooperación galega

15. A política pública de cooperación da Xunta de Galicia baséase na aprendizaxe e a mellora continua, de tal xeito que este Plan director se constrúe sobre os logros dos anteriores plans directores, afrontando os desafíos pendentes. Neste senso, a avaliación intermedia e final do III Plan director da cooperación galega (2014-2017) definiu tanto os logros e avances como os retos e desafíos para a cooperación galega a curto e medio prazo.

16. Os principais logros e avances identificáronse nos seguintes puntos:

- A capacidade de xestión e a execución eficaz e eficiente do marco de resultados do III Plan director da cooperación galega pola DXRREE e UE.
- A solvencia financeira coa execución do 99% do orzamento previsto nos correspondentes Plans Anuais e o desembolso puntual do 100% das axudas comprometidas.
- O aliñamento coa axenda global do desenvolvemento, contribuíndo á realización dos ODM, os ODS e a axenda de eficacia da cooperación:
 - Fomentando a concentración xeográfica: o 95% dos seus recursos desembolsados no exterior en cooperación foron investidos nos dez países prioritarios definidos no III Plan director.
 - Fortalecendo a especialización sectorial: cun 91% dos recursos desembolsados no exterior en cooperación investidos nos sete sectores nos que a cooperación galega conta con vantaxes comparativas: agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, saúde e programas/políticas sobre saúde sexual e reprodutiva, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento.
 - Apostando pola complementariedade con outros actores: a través da súa actuación coordinada coa cooperación española e con outras cooperación autónomas no eido da acción humanitaria; e da colaboración institucional nas iniciativas de asociación, avaliación e transparencia da axuda da cooperación española.
 - Facilitando a innovación a través da renovación do marco normativo e organizativo e da aprobación do *Decreto 29/2017 de cooperación para o desenvolvemento*, do financiamento dunha nova convocatoria de investigación para o desenvolvemento e a creación e consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), do apoio ás alianzas multiactor con financiamento externo nos seus sectores de especialización, e da elaboración participativa da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
- A participación e transparencia, rendendo contas á cidadanía dos seus logros colectivos a través de:
 - A reforma legal dos espazos de participación e coordinación definidos na *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento*, pola cal se suprimían a Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento (CINTERCODE) e a Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento (CINCODE), reforzando o papel do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) e ampliando o número de actores e axentes de cooperación representados.
 - A accesibilidade da información na nova web da cooperación galega verbo da planificación da cooperación galega, dos seus instrumentos de axuda, das intervencións financiadas, das avaliacións das súas actuacións e das memorias anuais de xestión.

15.05.2018

Proxecto de IV Plan director da cooperación galega (2018-2021)

- Un activo diálogo cos axentes galegos de cooperación, especialmente coas ONGD, que xestionaron o 72% dos recursos desembolsados.
- A promoción da participación dos axentes de cooperación no deseño das convocatorias públicas de axudas, nas avaliacións dos proxectos no exterior e do Plan director, na elaboración da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega e nos estudos impulsados pola DXRREE e UE.

17. Os principais retos e desafíos localizáronse nos seguintes aspectos:

- A recuperación do consenso social e político sobre a política pública galega de cooperación no marco dunha nova axenda global de desenvolvemento que demanda maiores compromisos dos gobernos sub-estatais para o cumprimento dos ODS no 2030.
- O aumento do esforzo investidor, superando o 0,04% dos orzamentos da Xunta de Galicia destinado a cooperación ao desenvolvemento entre 2014 e 2017 co obxectivo de recuperar o volume de axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) xestionado previamente á crise económica e fiscal.
- A suficiencia orzamentaria necesaria para garantir dous aspectos: en primeiro lugar, a previsibilidade instrumental, de tal xeito que se dote á DXRREE e UE dos recursos financeiros suficientes para a convocatoria estable dos instrumentos de axudas previstos no Plan director; e, en segundo lugar, o reforzamento do proceso de aumento do promedio de financiamento por actuación e actividade, apoiando accións de maior impacto a medio e longo prazo que posibiliten a xeración de cambios positivos sostibles nas persoas e comunidades coas que traballa e se asocia a cooperación galega.
- A renovación das prioridades xeográficas da cooperación exterior no contexto dunha ampliación dos fondos destinados a países menos adiantados e a África Subsahariana, aproveitando o valor estratéxico dos países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP).
- A construción de resiliencia no conxunto de actividades de cooperación, mediante un reforzamento da especialización no eido do fortalecemento institucional e de organizacións da sociedade civil, e do empoderamento das mulleres.
- O reforzamento do modelo de actuación nos países prioritarios ou nas comunidades socias con base en alianzas territoriais multiactor e multinivel, nos sectores de especialización da cooperación galega.
- A integración dunha visión de coherencia de políticas na Administración pública galega, en coordinación co conxunto de actores públicos e axentes de cooperación, a través dun liderado político activo que promova a transversalización estratéxica da Axenda 2030 e a súa localización no nivel autonómico e local.
- A promoción da participación nas actividades da cooperación galega do conxunto de axentes de cooperación, e a posta en valor das novas oportunidades de diálogo de políticas pola ampliación da composición do CONGACODE.
- A mellora da coordinación e diálogo coas administracións locais que financian actividades de cooperación internacional e educación para o desenvolvemento.
- A posta en valor dos procesos de xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais derivadas dos estudos e avaliacións financiadas pola cooperación galega.
- A mellora da difusión á cidadanía dos logros colectivos da cooperación galega a través de accións de comunicación máis estratéxicas e integrais.

18. Este Plan director é o resultado dun amplo proceso de diálogo e consulta cos actores e axentes de cooperación sobre os logros e avances da cooperación galega, e sobre a procura de

15.01.2018

Valencia

solucións viables e de valor estratéxico aos retos e desafíos a medio e longo prazo, propostas que se materializan no marco de resultados proposto para o período 2018-2021.

2.3. Misión, visión, principios, enfoques e criterios da cooperación galega

19. Este Plan director declara como **misión** da cooperación galega:

Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de desenvolvemento sostible co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta. As accións da cooperación galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega, e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.

20. E expresa a súa **visión** do proceso de desenvolvemento humano sostible:

A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa sexa deixada atrás -especialmente as mulleres, a infancia e os colectivos máis vulnerables-, onde a prosperidade sexa compartida por todas as persoas e comunidades, que respecte e conserve o planeta, onde se consolide e constrúa a paz baseada na xustiza e os dereitos humanos, e onde traballemos conxuntamente e en asociación para construílo.

21. A misión e visión da cooperación galega complementábase cos principios, enfoques e criterios da política pública de cooperación descritos en anteriores plans directores e que se coidan plenamente vixentes.

5 principios da cooperación galega

1. O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento.
2. O desenvolvemento constitúe un proceso multidimensional e non simplemente económico.
3. O desenvolvemento ten que se concibir como unha opción de realización dos pobos.
4. O desenvolvemento constitúe unha responsabilidade compartida.
5. A xustificación última do proceso de desenvolvemento descansa na realización efectiva dos dereitos das persoas.

9 enfoques da política pública para o desenvolvemento humano sostible

1. Enfoque de desenvolvemento humano e das capacidades.
2. Enfoque baseado en Dereitos Humanos.
3. Enfoque de xénero en desenvolvemento.
4. Enfoque de desenvolvemento sostible.
5. Enfoque de xestión orientada a resultados de desenvolvemento.
6. Enfoque inclusivo.
7. Enfoque de proceso.
8. Eficacia no desenvolvemento.
9. Enfoque de resiliencia.

7 criterios da política pública galega de cooperación

1. A axuda debe ser eficaz e sostible.
2. A axuda debe ser previsible.
3. A axuda debe concentrar os seus recursos.
4. A axuda débese xestionar de forma transparente.
5. A axuda débese integrar nun marco de coherencia de políticas de desenvolvemento sostible das administracións públicas.
6. A axuda debe fomentar a participación social nos países socios e en Galicia.
7. A axuda debe promover a integración, complementariedade e coordinación dos actores e axentes de cooperación.

2.4. Capacidades e axentes da cooperación galega

22. Co obxectivo de reforzar as súas capacidades, a cooperación galega dará continuidade aos seus esforzos nos seguintes ámbitos:

- O incremento da complementariedade entre os actores e axentes de cooperación a través do impulso da coordinación, a colaboración e a concertación.
- O fortalecemento da capacidade dos actores e axentes de cooperación.
- O reforzamento dos procesos de información, comunicación e rendición de contas dirixidos á cidadanía galega.
- A dotación dun marco orzamentario que garanta a previsibilidade dos recursos e instrumentos, a solvencia financeira e a viabilidade operativa.

23. A *Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento* recoñece como actores da cooperación galega á administración autonómica e ás entidades locais, así como ás institucións que as integren e ás organizacións que as representen. Por outra banda, enumera os seguintes axentes de cooperación: ONGD, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, comunidades galegas no exterior, e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

24. Dentro dos actores e axentes de cooperación, a DXRREE e UE recoñece a achega relevante para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación que realiza a Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego e as Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. Ao tempo, outros axentes, como a Fundación CETMAR, reforzan o valor diferencial da cooperación galega a través da súa especialización sectorial estratéxica en pesca e acuicultura.

25. Ademais, valóranse positivamente as iniciativas desenvolvidas polos concellos e deputacións galegas co fin de reforzar e impulsar as políticas públicas locais de cooperación para o desenvolvemento no horizonte compartido da localización da Axenda 2030 e dos ODS. Neste senso, o procedemento de información previsto no *Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento* para as entidades locais porase ao servizo do incremento da complementariedade e o impulso da coordinación entre os actores públicos de cooperación.

26. A cooperación galega desenvolverá aquelas medidas que faciliten, tanto a posta en valor das capacidades e experiencia dos diferentes axentes, e o reforzamento da súa capacidade para a consecución dos ODS, como aquelas outras que fomenten a complementariedade e xeración de sinerxías entre o conxunto de actores e axentes. En relación ás empresas e

12 de febreiro de 2018

Valencia

organizacións empresariais e dentro do marco de coherencia de políticas, fortaleceranse as capacidades dos axentes de cooperación para a promoción da innovación e de alianzas público-privadas para o desenvolvemento, a responsabilidade social empresarial, os negocios inclusivos e o investimento positivo e responsable dentro do marco establecido polos Principios reitores de Nacións Unidas sobre empresas e dereitos humanos e o Plan estatal de acción de empresa e dereitos humanos. Por último, a cooperación galega seguirá a manter as alianzas de traballo coas organizacións internacionais de desenvolvemento, especialmente no eido da acción humanitaria e na formación de persoas expertas en cooperación ao desenvolvemento, ao abeiro da convocatoria específica de bolsas de formación.

3. Ámbitos estratéxicos da cooperación galega

27. A cooperación galega aspira a promover a consecución da Axenda 2030 e os ODS con base nas súas capacidades, activos e recursos. Os cinco ámbitos estratéxicos seleccionados afirman o valor diferencial e a especialización coherente da cooperación galega, resultado da experiencia e traxectoria histórica da actuación conxunta dos actores e axentes galegos de cooperación en alianza cos seus socios de desenvolvemento. Ao tempo, estes ámbitos estratéxicos, complementados coas prioridades transversais, abranguen as cinco esferas da Axenda 2030: persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariado/alianzas. Non obstante, a selectividade dos ámbitos estratéxicos salienta un dobre aspecto: en primeiro lugar, que a cooperación galega contribúe corresponsablemente á consecución dos ODS xunto co resto de actores e axentes públicos e privados a nivel local, estatal, rexional e mundial; e, en segundo lugar, que a amplitude dos 17 ODS e 169 metas do marco de resultados da Axenda 2030 impón a necesidade de ser selectivos con criterios de realismo e pragmatismo, e con base nos recursos e capacidades do sistema galego de cooperación.

28. En todos os ámbitos estratéxicos deberanse respectar os principios de eficacia da cooperación: apropiación democrática do proceso de desenvolvemento, harmonización inclusiva, aliñamento crítico, xestión solidaria para resultados, responsabilidade compartida e transparencia. As actuacións da cooperación galega deberán reforzar as capacidades locais da sociedade civil e da Administración pública nos países e comunidades socios, fortalecendo o bo goberno, a gobernabilidade democrática e o estado de dereito, a participación cidadá, e a estrutura e os sistemas de xestión do sector público, especialmente nas políticas públicas de prevención e preparación; nos sistemas e programas de protección, accesibilidade, cohesión e inclusión social; e nas iniciativas de descentralización administrativa e política nun marco de modernización e profesionalización da Administración pública. Ademais, todos os ámbitos estratéxicos poderán acoller actividades de intercambio de coñecemento, innovación e transferencia de tecnoloxía. Por último, promoverase activamente a tecnoloxía para o desenvolvemento humano sostible e as súas ferramentas (licenzas *copyleft*, software libre, bases de datos abertas, etc.), de tal xeito que se empreguen as tecnoloxías apropiadas a cada contexto cultural, social e xeográfico, contemplando o seu uso tamén nas accións de construción dunha cidadanía global, co fin de aumentar as capacidades e coñecementos de todas as persoas e comunidades, evitando dependencias tecnolóxicas, e permitindo gañar en liberdade e autonomía nos procesos de desenvolvemento individual e colectivos.

29. Estes cinco ámbitos estratéxicos serán o destino como mínimo do 90% do total da axuda desembolsable da DXREE e UE consonte ao seguinte rango de distribución:

15.04.2018

Vale

Ámbitos estratéxicos		Rango %
1	Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	60-75%
2	Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	
3	Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.	
4	Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.	10-15%
5	Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.	10-15%

30. Estes cinco ámbitos estratéxicos, á súa vez, contribúen á consecución dos seguintes ODS:

Ámbitos estratéxicos	Obxectivos de desenvolvemento sostible
1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	ODS 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7,8,10,11, 13
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	ODS 1, 2, 8,9, 10, 11, 12,13, 14, 15
3. Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.	ODS 3, 5, 10, 16
4. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.	
5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.	ODS 4, 13, 16, 17

AE 1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.

31. A cooperación galega promoverá actuacións dentro do dereito humano á saúde que:

- Faciliten o acceso aos servizos básicos de saúde e fortalezan sistemas públicos sanitarios equitativos, sostibles, eficientes e de calidade, garantindo unha cobertura universal.
- Fortalezan os sistemas públicos de atención primaria e o acceso aos servizos de saúde sexual e reprodutiva e materno-infantil.
- Desenvolvan programas de formación e capacitación de recursos humanos sanitarios ou para a mellora da gobernanza, a xestión e a eficiencia dos sistemas de saúde públicos.
- Aborden a loita contra a VIH/SIDA, as enfermidades transmitidas pola auga e outras enfermidades transmisibles, prevalentes ou esquecidas, e que faciliten o acceso a medicinas, vacinas e outros produtos sanitarios esenciais.

32. A cooperación galega promoverá actuacións dentro do dereito humano á educación que:

- Promovan o acceso á educación inclusiva de calidade, pública e universal para todas as persoas ao longo de toda a vida, desde a educación infantil e a atención á primeira infancia.

15.05.2018

[Firma manuscrita]

- Contribúan á mellora da calidade educativa no eido da formación e capacitación do persoal docente e directivo, de mellora da xestión escolar, de adaptación e desenvolvemento de currículos educativos, ou na mellora dos mecanismos de avaliación e medición e de xeración de coñecemento.
- Aumenten as competencias técnicas e profesionais das persoas e colectivos máis vulnerables para acceder ao emprego, o traballo decente e o emprendemento.
- Promovan os procesos de educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía global e as actividades culturais alternativas no eido do respecto da diversidade, o desenvolvemento das capacidades creativas e críticas, a promoción da igualdade de xénero e unha cultura de paz.
- Fortalezan os sistemas universitarios públicos nos ámbitos estratéxicos da cooperación galega.

33. A cooperación galega promoverá actuacións dentro do dereito humano á alimentación que:

- Faciliten o acceso físico local a alimentos nutritivos ás persoas en risco de inseguridade alimentaria.
- Promovan a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición da poboación.

34. A cooperación galega promoverá actuacións dentro do dereito humano ao hábitat e á auga e o saneamento básico que:

- Melloren as condicións de habitabilidade básica.
- Promovan o uso e o acceso universal a fontes e servizos de enerxía asumibles, renovables e limpas.
- Amplíen a cobertura do servizo público de auga potable.
- Fomenten o desenvolvemento de infraestruturas de acceso a servizos básicos de saneamento.
- Melloren a gobernanza da auga e a xestión integral dos recursos hídricos.

35. A DXRREE e UE seguirá destinando como mínimo un 20% das súa axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) distribuíble sectorialmente a servizos sociais básicos, en cumprimento do compromiso 20/20 establecido no Cumio mundial sobre desenvolvemento social de Copenhague do ano 1995.

AE 2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.

36. A cooperación galega promoverá actuacións neste ámbito estratéxico cun enfoque de soberanía alimentaria e prosperidade compartida que:

- Fomenten que fogares e comunidades produzan alimentos para o seu autoconsumo de xeito sostible.
- Apoien a produtores rurais e pesqueiros para que aumenten de xeito sostible a produción e produtividade das súas explotacións agrarias, gandeiras, forestais, pesqueiras e acuícolas con base na xestión sostible dos recursos naturais.
- Apoien ao sector público dos países para a promoción dun sistema agroalimentario sostible e a xestión sostible da pesca.
- Fomenten a economía social e a formación de organizacións de produtores e cooperativas, ou o comercio xusto.

11.05.2018

Valverde

- Integren unha visión integral da cadea de valor para a mellora da xeración de ingresos e o emprego digno a través da diferenciación, diversificación, comercialización e posicionamento dos seus produtos, bens e servizos no mercado local e internacional.
- Apoien o fomento do emprendemento, a innovación, os negocios inclusivos e o fortalecemento das micro, pequenas e medianas empresas.
- Melloren a xeración complementaria de ingresos no eido do patrimonio histórico, cultural, paisaxístico e ecolóxico e do turismo sostible.
- Apoien políticas públicas que fomenten o desenvolvemento rural e territorial integrado.
- Fomenten a urbanización inclusiva e sostible e a capacidade para unha planificación e xestión participativa, integrada e sostible.

AE 3. Impulsar a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.

37. A cooperación galega promoverá actuacións neste ámbito estratéxico que:

- Apoien un marco xurídico e institucional que impulse a cultura de igualdade e reforce a incorporación da equidade de xénero nas políticas públicas e na sociedade.
- Fomenten actuacións dirixidas a que as mulleres reforcen o seu liderado e participación nos espazos de tomas de decisións na vida pública.
- Promovan o pleno exercicio dos dereitos económicos e laborais, así como a autonomía económica das mulleres, garantindo o acceso e o control dos recursos, creando e consolidando condicións de igualdade de xénero no mundo do traballo remunerado, e visibilizando e repartindo o traballo non remunerado e de coidados.
- Contribúan á eliminación de todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres nos eidos público e privado.
- Promovan o pleno exercicio dos dereitos sexuais e reprodutivos.
- Fomenten o enfoque integral de masculinidades para o fortalecemento das estratexias de equidade de xénero e a cultura de igualdade.
- Garantan os dereitos da infancia no seus catro ámbitos fundamentais de supervivencia, desenvolvemento, protección e participación, desde un enfoque de equidade.
- Poñan fin ao maltrato, explotación, trata, tortura e todas as formas de violencia contra as nenas e nenos en todos os eidos público e privado.

AE 4. Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade.

38. A cooperación galega contribuirá a este ámbito estratéxico con seis liñas de traballo:

- Reafirmando o seu compromiso cos principios humanitarios de independencia, humanidade, neutralidade e imparcialidade, así como coas Directrices de Oslo, os Principios e boas prácticas de doazón humanitaria, o Consenso europeo de axuda humanitaria e a Axenda para a Humanidade emanada do Cumio Humanitario Mundial.
- Baseando a súa resposta no enfoque de vulnerabilidade e nas necesidades humanitarias, priorizando a intervención en favor de poboacións en función do seu grao de vulnerabilidade. Con todo, a experiencia da cooperación galega neste eido ten xerado capacidades na atención a poboacións refuxiadas e desprazadas e a aquelas afectadas por conflitos actuais e esquecidos ou crises humanitarias. A cooperación galega, logo, dará continuidade ao traballo coa poboación saharauí e en Palestina.
- Fomentando na súa acción humanitaria o enfoque VARD (Vinculación entre axuda, rehabilitación e desenvolvemento) como modo de mellorar a coherencia das

(Firma manuscrita)
Valencia

actuacións establecendo sinerxías entre os diversos instrumentos e modalidades de axuda.

- Impulsando a protección das vítimas e da aplicación do Dereito Internacional Humanitario (DIH) cun enfoque baseado en dereitos.
- Participando nas iniciativas de coordinación da Acción Humanitaria española, como o fondo humanitario común coordinado pola AECID e integrado por diversas comunidades autónomas.
- Financiando actuacións de prevención de desastres e redución e mitigación de riscos cun enfoque de resiliencia.

AE 5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.

39. A cooperación galega define a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global como un proceso educativo permanente baseado en metodoloxías críticas e activas de aprendizaxe que procura a xeración de cidadás e cidadáns globais activos, responsables, comprometidos e con conciencia crítica. Este proceso ten por obxectivo, ademais, xerar unha cultura da solidariedade a nivel local e global que promova individual e colectivamente a transformación social de abaixo-arriba, a erradicación da pobreza multidimensional, as desigualdades e a exclusión e o desenvolvemento humano sostible. Isto acadarase a través da participación cidadá inclusiva na proposta de alternativas transformadoras e na definición e construción de institucións e políticas nacionais e internacionais, baseadas en criterios normativos de xustiza social e global para a efectiva realización dos dereitos humanos.

40. Durante a vixencia do IV Plan director, executarase a Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega, resultado dun amplo proceso participativo dos actores e axentes de cooperación. Polo tanto, recoñécese o valor do seu obxectivo xeral como horizonte das actuacións da cooperación galega neste eido, e promoverase a mellora organizativa e de planificación da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que se realiza en Galicia, afondando na reflexión sobre as interdependencias mundiais, fomentando o pensamento crítico sobre os sistemas que sustentan as múltiples desigualdades e impulsando a toma de conciencia individual e colectiva, tanto da cidadanía galega en xeral, como dos axentes multiplicadores, que afonde na co-responsabilidade e no desenvolvemento de propostas e iniciativas transformadoras dos modelos económicos, educativos e socioculturais que perpetúan as inxustizas.

41. A cooperación galega contribuirá a este ámbito estratéxico constituíndo un grupo de traballo específico dentro do CONGACODE para planificar a medio prazo o despregamento operativo do marco de resultados específico da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega.

15-01-2018

4. Prioridades xeográficas, transversais e colectivos prioritarios

4.1. Prioridades xeográficas

42. O IV Plan director sinala como prioritarios os seguintes 11 países:

- **África Subsahariana:** *Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.*
- **América Central:** *Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.*
- **América do Sur:** *Bolivia, Ecuador e Perú.*
- **Caribe:** *República Dominicana.*

43. Como mínimo, o 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento da DXRREE e UE concentrarase nestes 11 países prioritarios. Os Países Menos Adiantados (PMA) serán o destino como mínimo do 20-25% do total da axuda desembolsada no exterior en cooperación e acción humanitaria.

44. Esta selectividade xeográfica non implica unha exclusión de posibles propostas noutros países, especialmente PMA ou cun Índice de desenvolvemento humano (IDH) baixo. A valoración das propostas realizarase consonte a criterios de pertinencia, calidade, sostenibilidade e participación, entre outros, de xeito que o resto de propostas noutros países con esas características seguirán contando con oportunidades de financiamento a través das convocatorias públicas. Neste senso, os PMA ou países cun IDH baixo recibirán a mesma valoración cós países prioritarios nas bases das convocatorias de axudas de proxectos de cooperación no exterior.

45. Xunto cos ámbitos estratéxicos, a continuidade das alianzas de traballo cos países africanos de lingua oficial portuguesa (PALOP) constitúe un dos valores diferenciais da cooperación galega. De feito, a *Estratexia galega de acción exterior. Horizonte post 2020* da Xunta de Galicia, aprobada en decembro de 2017, destaca a necesidade de afondar a acción exterior de Galicia no ámbito lusófono de África Subsahariana. Neste contexto tamén cómpre trasladar á cooperación ao desenvolvemento o disposto na *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, que establece no seu artigo 3º: "Deberán ser promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego". Polo tanto, tendo en conta a experiencia histórica da cooperación galega no ámbito lusófono, este Plan director recoñece o valor e experiencia de traballo nestes países socios da acción exterior galega sinalando como países prioritarios a Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.

4.2. Prioridades transversais

46. As sete prioridades transversais que se describen a seguir deberán ser coidadas en todas as intervencións financiadas pola cooperación galega.

1. A erradicación da pobreza multidimensional.

47. A erradicación da pobreza en todas as súas dimensións, en todos os lugares e na xeración actual e futura constitúe a principal arela, centro da política pública de cooperación e da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, e deberá operar como a prioridade e o horizonte do conxunto das actividades da cooperación galega.

2. A equidade de xénero.

48. Incorporarase de forma sistemática a perspectiva de xénero en desenvolvemento en todas as actuacións e instrumentos da cooperación galega, para a promoción dunha cultura de

igualdade e o cumprimento dos dereitos políticos, económicos, laborais, sociais e culturais das mulleres e nenas, así como dos seus dereitos sexuais e reprodutivos. Polo tanto, deberanse abordar as causas estruturais e analizar as relacións de poder entre homes e mulleres e os procesos sociais que dan lugar ás desigualdades de xénero, deseñar medidas para palialas, e construír a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Ademais, será crucial integrar diagnósticos de xénero na identificación das intervencións e a necesidade de considerar o impacto diferenciado que as intervencións poden ter sobre as mulleres e homes, así como nas relacións entre ambos, fortalecer as alianzas e o apoio a institucións e organizacións que promovan a cultura de igualdade, o empoderamento de mulleres e nenas e o enfoque integral de masculinidades, así como a eliminación de todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres.

3. A defensa da sostenibilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.

49. As actuacións da cooperación galega integrarán medidas que apoién modelos de desenvolvemento baixo en carbono, de economía circular e resilientes ao cambio climático. Para logralo, empregaranse índices ambientais, realízanse diagnósticos ambientais, fomentaranse as tecnoloxías apropiadas e as enerxías limpas e renovables, e promoveranse o comercio xusto, o consumo responsable e as compras de bens e a utilización de servizos acreditados con certificacións ou selos que garantan o cumprimento de determinados criterios de sostenibilidade e xustiza ambiental e social.

4. O enfoque baseado en dereitos humanos.

50. A través das súas actuacións, a cooperación galega promoverá a realización dos dereitos humanos e do dereito ao desenvolvemento humano sostible, e impulsará o empoderamento de todas as persoas para a reivindicación e exercicio pleno dos seus dereitos, a participación política e a non discriminación, de tal xeito que as persoas que participen nos proxectos da cooperación galega sexan recoñecidos como titulares de dereitos e liberdades. Ademais, contribuirá a que as persoas e institucións titulares de obrigas melloren as súas capacidades para o cumprimento das súas responsabilidades. Dentro deste enfoque de dereitos humanos prestarase unha especial atención á protección e realización dos dereitos humanos dos colectivos prioritarios descritos no apartado 4.3.

5. O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.

51. Galicia, como pobo cunha cultura e identidade propia, promove que outros pobos, comunidades e minorías culturais poidan dar a coñecer en liberdade as súas respectivas identidades culturais. Ao tempo, os axentes e actores de cooperación promoverán nas súas actuacións o respecto da diversidade cultural, a protección do patrimonio material e inmaterial, e o fomento do diálogo e convivencia intercultural. Estas medidas contribúen á realización dos dereitos humanos, garanten a liberdade cultural, atenden á realidade das migracións internacionais e da mobilidade humana, e limitan o alcance dos problemas asociados ao racismo ou á xenofobia, minguando as posibilidades de exclusión, discriminación, marxinación ou persecución das persoas e minorías en función da súa identidade cultural, lingüística, relixiosa ou sexual. Tomaranse en consideración, logo, as realidades culturais dos lugares onde se actúa, integrando estes diagnósticos na identificación, deseño e formulación das actuacións, así como no seguimento e avaliación dos proxectos.

6. A equidade e a loita contra as desigualdades.

52. As actuacións da cooperación galega promoverán un desenvolvemento con equidade e unha diminución das desigualdades a través da promoción dos dereitos, oportunidades, opcións e dignidade das persoas. Polo tanto, ampliaranse as oportunidades das persoas para

acadar un desenvolvemento equitativo, reduciranse as desigualdades promovendo o recoñecemento social e legal de dereitos e o exercicio de poder, e apoiaranse medidas e políticas públicas redistributivas e sistemas e mecanismos de cohesión social.

7. A participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil.

53. A cooperación galega fomentará a participación efectiva, real e equitativa das persoas, colectivos, comunidades e institucións de tal xeito que sexan suxeitos e protagonistas dos procesos que acompañan os actores e axentes galegos de cooperación, creando tecido social, fortalecendo as institucións para a gobernanza democrática, a transparencia e a rendición de contas, xerando conciencia crítica e compromiso cos bens comúns e os bens públicos. Ao tempo, xerarase coñecemento colectivo, fomentaranse capacidades e habilidades para participar nos procesos de decisión colectiva, reforzarse a sociedade civil e contribuírse a unha cidadanía activa que exerza o seu dereito de control dos poderes públicos, apoiando a organización da sociedade civil e a mellora da participación cidadá. Ademais, implantarase un enfoque de construción de resiliencia, entendida como a capacidade das persoas, comunidades ou entidades para anticiparse e prever ameazas, acontecementos adversos de todo tipo ou desastres, afrontalos, recuperarse deles e adaptarse e volver prosperar tras da crise. Este enfoque de resiliencia tende a reforzar as capacidades dos grupos máis vulnerables ante os riscos que poidan xurdir a nivel ambiental, económico, social e político. Procúrase, logo, que, ante circunstancias adversas, as comunidades consigan manter e reforzar os seus medios de vida e a súa organización colectiva. Unha sociedade resiliente absorbe o impacto inicial da crise, recupérase máis rapidamente dos seus efectos e pon en marcha mecanismos que permiten unha redución do dano e dos impactos negativos dunha crise posterior.

4.3. Colectivos prioritarios

54.O principio de “non deixar a ningunha persoa atrás” da Axenda 2030 determina que se debe promover unha visión integral e universalista que atenda ás necesidades e realización de dereitos de toda a cidadanía. De todos os xeitos, tamén se salienta a necesidade de atender preferentemente aos grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación.

55. Consonte a este principio, o IV Plan director prestará unha atención preferente aos seguintes grupos de poboación:

- As mulleres e nenas, particularmente ás que vivan en zonas desfavorecidas e sen recursos, e poidan ser obxecto de múltiples discriminacións.
- A infancia e mocidade, especialmente á infancia e mocidade en risco ou con diversidade funcional, á loita contra a explotación infantil, ás persoas menores excluídas do sistema educativo e á mocidade excluída do mercado de traballo.
- A poboación indíxena e/ou afrodescendente e minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de maior discriminación (mulleres, nenas, persoas con diversidade funcional, etc.).
- As persoas con diversidade funcional, as persoas maiores dependentes e as persoas doentes sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de diversas discriminacións.
- A poboación refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables (infancia, mulleres, persoas de idade, persoas con diversidade funcional, etc.). Dentro deste grupo preferente, a cooperación galega seguirá apoiando singularmente á poboación saharauí e á poboación palestina.

11 de maio de 2017
Valencia

5. Marco de resultados de xestión

56. Por resultados de xestión (RX) entendemos os logros relativos a aqueles aspectos internos organizativos que a cooperación galega debe acometer no eido do reforzamento, e os cambios nas capacidades dos actores e axentes de cooperación para apoiar a consecución dos resultados de desenvolvemento definidos na Axenda 2030 e nos ODS e as súas metas, e que se reflicten nos ámbitos estratéxicos deste Plan director.

R.X.1. A cooperación galega alíña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS.

L.A.1.1. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega.

57. A Administración pública galega, a nivel autonómico e local, deberá desenvolver procesos específicos para localizar e integrar a Axenda 2030 e os ODS no conxunto das súas políticas públicas, adaptándoas ás oportunidades e posibilidades de contribución activa ao seu cumprimento, con base nas súas fortalezas, experiencia, capacidades e recursos. Con este fin, promoverase a constitución dun grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030. Como punto de partida empregárase o estudo de implantación da Axenda 2030 na Xunta de Galicia, elaborado por un equipo de investigación dirixido polo catedrático José Antonio Alonso. Polo tanto, promoveranse os procesos necesarios para que a visión da Axenda 2030 e os ODS se transversalicen no conxunto das políticas públicas da administración autonómica e local nun marco de coherencia de políticas de desenvolvemento sostible, que se sitúe por riba da lexítima competencia política e dos ciclos electorais. Neste senso, sería desexable contar cun mandato unánime do Parlamento de Galicia que se plasme nunha declaración institucional en favor da Axenda 2030 das Nacións Unidas e dos ODS, e en apoio da política pública de cooperación en todos os niveis da Administración pública galega.

L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

58. O Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento actúa como o órgano único de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento. Co fin de fomentar a participación activa dos axentes de cooperación representados e reforzar o diálogo de políticas, poranse en marcha grupos de traballo específicos, como o de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.

59. Co fin de garantir a solvencia financeira da cooperación galega e a previsibilidade dos seus recursos orzamentarios anuais, este Plan director define un crecemento mínimo anual en volume de fondos en relación ao financiamento do Programa operativo 331 de cooperación ao desenvolvemento da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado en 2018. Ao tempo, sinalase unha previsión orzamentaria mínima anual que pode consultarse na sección 8 correspondente ao marco orzamentario.

R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.

L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios.

60. Este Plan director sinala 11 países como socios prioritarios da cooperación galega, nos que se concentrará un mínimo do 90% da axuda desembolsada pola DXRREE e UE en cooperación ao desenvolvemento.

L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados.

61. A selectividade xeográfica da axuda galega ten xerado unha concentración en países de ingreso medio baixo e alto, ficando Mozambique e Guinea Bissau como PMA dentro dos países prioritarios. De todos os xeitos, a cooperación galega destinará un 20-25% da súa axuda desembolsable no exterior aos PMA. Por outra banda, as bases das convocatorias de proxectos no exterior concederán a mesma valoración dos países prioritarios aos PMA e países cun IDH baixo.

L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.

62. Darase continuidade aos esforzos por mellorar o alcance das intervencións a través da xeración de incentivos para a presentación de propostas integradas en marcos de planificación plurianuais. Como mínimo un 20-30% da axuda desembolsada en cooperación ao desenvolvemento, e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, financiará actuacións cun marco de programación plurianual a medio ou longo prazo.

R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.

L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.

63. Neste Plan director darase continuidade á especialización sectorial da cooperación galega nos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento, que serán o destino do 60-75% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios.

L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.

64. A cooperación galega reforzará a calidade e carácter integral da súa acción humanitaria, que será o destino do 20% dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e UE. Ademais, fomentará a concorrência competitiva dos axentes de cooperación de xeito que o 50% dos fondos en acción humanitaria será canalizados a través da convocatoria de proxectos de acción humanitaria. Ao tempo, dará continuidade ao traballo con organizacións multilaterais ou especializadas neste eido como ACNUR, UNRWA e Farmamundi na atención de emerxencias e da poboación refuxiada ou desprazada, e na atención ás necesidades humanitarias que se detecten como consecuencia de fenómenos catastróficos de orixe humana ou natural. Por último, a DXRREE e UE coordinará a súa acción coa Consellería de Sanidade, especialmente na xestión da atención sanitaria aos nenos e nenas saharauís que participan no programa de "Vacacións en Paz" xestionado pola ONGD Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

L.A.3.3. Despregar operativamente a Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega.

65. Simultaneamente a este Plan director, desenvolverase o marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega. En 2018 constituirase un grupo de traballo específico no CONGACODE para planificar a medio prazo o despregamento operativo anual do seu marco de resultados específico. A composición deste grupo de traballo será plural e equitativo contando con representantes dos axentes integrados no CONGACODE e persoas expertas neste eido. O ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global será o destino do 10-15% do total da axuda desembolsable da DXRREE e UE.

17 de 2012

Calderín

R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.***L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.***

66. A Axenda de Portugalete, aprobada no V Encontro de comunidades autónomas e cooperación ao desenvolvemento, celebrado en marzo de 2012, establece todo un conxunto de posibilidades de coordinación entre comunidades autónomas e destas coa Administración Xeral do Estado. Durante a execución do IV Plan director a Xunta de Galicia participará activamente nos procesos colaborativos impulsados polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e nos actuais espazos e iniciativas de coordinación: reunións da Comisión Interterritorial de Desenvolvemento da cooperación española; reunións do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030; encontros de comunidades autónomas e cooperación ao desenvolvemento; procesos de diagnóstico e elaboración dos Marcos de asociación país (MAP) ou Acordos de nova xeración (ANX) nos países prioritarios, o fondo humanitario común coordinado pola AECID; o Plan anual de avaliacións da cooperación española; e o emprego do sistema de xestión de coñecemento *info@od* para o envío de datos e información rigorosa da AOD da Xunta de Galicia, contribuíndo ao compromiso coa transparencia da cooperación española.

L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.

67. Este Plan director dará continuidade aos incentivos xerados para a actuación conxunta e complementaria dos axentes e actores de cooperación de tal xeito que un 20-30% da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e UE financiará proxectos en agrupación. Ao mesmo tempo, promoveranse as alianzas de traballo multiactor con outros actores e axentes da cooperación galega nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios. Neste senso, reforzase o diálogo co Fondo Galego e as administracións locais galegas para a apertura de espazos de colaboración que poñan en valor a experiencia e saber facer da cooperación local, as súas redes de traballo (Rede Solidaria Municipalista) e os seus programas de cooperación técnica (Vacacións de Traballo), favorecendo a localización da Axenda 2030 e os ODS a nivel local.

L.A.4.3. Reforzar a colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación.

68. A DXRREE e UE apoiará aos axentes galegos de cooperación que establezan espazos ou alianzas de traballo cos seus homólogos portugueses de cooperación no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, dando continuidade e ampliando as experiencias previas do Fondo Galego, da Coordinadora Galega de ONGD e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade para a consecución dos ODS.***L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.***

69. A normativa reguladora da función pública galega limita as posibilidades de ampliación dos recursos humanos especializados da DXRREE e UE. Por este motivo, priorizaranse as asistencia técnicas no eido da acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global para o reforzamento da capacidade da DXRREE e UE.

15 de Feb 2012

Valencia

L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

70. Seguirase apoiando, a través de cadanseu convenio anual de fortalecemento, á Coordinadora Galega de ONGD, ao Fondo Galego e ás tres Universidades públicas galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.

71. A través dos devanditos convenios de fortalecemento, financiarase a realización de actividades de formación especializada para o reforzamento da capacidade dos actores e axentes galegos de cooperación, en función das súas necesidades e demandas. Tamén se seguirán convocando anualmente as bolsas de formación de persoas expertas en cooperación ao desenvolvemento co fin de promover o desenvolvemento de carreira profesional no eido da cooperación e fornecer aos axentes galegos de cooperación de persoal técnico especializado. Ademais, realizarase un estudo sobre o impacto das devanditas bolsas.

L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.

72. Promoverase a aprendizaxe colectiva do conxunto de axentes e actores da cooperación galega a través da apertura de espazos para o intercambio de coñecementos, boas prácticas e resultados. Para a mellora das prácticas de avaliación, abordarase participativamente a definición dun marco de avaliación da cooperación galega co fin de delimitar os principios, criterios e recursos necesarios. Ademais, os Plans anuais da cooperación galega integrarán un plan anual de avaliación e estudos. Ao tempo, promoverase a celebración de encontros abertos á cidadanía para a socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación. Por último, o conxunto de insumos que integran a xestión do coñecemento da cooperación galega (memorias anuais, avaliacións, investigacións, etc.) serán accesibles á cidadanía e divulgados publicamente.

L.A.5.5. Dar continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.

73. Os proxectos financiados pola DXREE e UE subvencionarán a contratación de persoal técnico especializado co límite do 70% do custo total do proxecto. Os axentes de cooperación deberán respectar a lexislación laboral vixente tanto nos países socios como en Galicia promovendo a calidade na contratación, o traballo decente e a igualdade de xénero e de oportunidades.

L.A.5.6. Facilitar o acceso dos actores e axentes galegos a novas fontes de financiamento internacional

74. A DXRREE e UE apoiará financeiramente aos actores e axentes galegos que procuren financiamento a nivel internacional (Unión Europea, Banco Mundial, etc.) nos ámbitos estratéxicos en países prioritarios da cooperación galega. Con este fin definirase un procedemento para a recepción e valoración das propostas que os actores e axentes galegos de cooperación fagan chegar á DXRREE e UE.

17 de maio de 2018

Valencia

L.A.5.7. Favorecer a concorrència competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega.

75. A axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalizarase a través de convocatorias públicas nun rango do 70-75%, ficando o 25-30% restante a disposición da súa canalización a través de convenios.

R.X.6. A cidadanía galega accede a información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS.

L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.

76. A DXRREE e UE dará continuidade ao seu compromiso coa transparencia e a rendición de contas á cidadanía acerca do valor, do impacto e dos resultados de desenvolvemento da cooperación galega. A páxina web da cooperación galega actualizarase permanentemente, permitindo o acceso da cidadanía á información relativa ás actividades de cooperación e aos documentos máis relevantes (Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, buscador de proxectos, informes de xestión anual, investigacións, estudos, avaliacións, etc.).

6. Modalidades e instrumentos de axuda

6.1. Convocatorias públicas

77. As convocatorias públicas de axudas constitúen o principal medio de canalización dos recursos económicos desembolsables da cooperación galega a través das cales se cofinancian as iniciativas dos axentes galegos de cooperación. A previsión orzamentaria establecida neste Plan director permitirá a convocatoria anual das seguintes axudas:

1. Proxectos no exterior de ONGD.
2. Proxectos no exterior doutros axentes.
3. Proxectos de acción humanitaria de ONGD.
4. Actividades de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global de ONGD.
5. Bolsas de formación de persoas expertas.

A convocatoria de investigación sobre cooperación para o desenvolvemento para grupos e centros de investigación das universidades do Sistema Universitario Galego publicarase bienalmente.

Durante a vixencia do IV Plan director desenvolverase un proceso participativo de revisión da convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD para acomodala ás necesidades de fortalecemento e reforzamento de capacidade dos axentes galegos de cooperación.

78. En relación ás convocatorias, establécense os seguintes principios xerais de calidade e transparencia:

- A DXRREE e UE seguirá a dialogar cos axentes galegos de cooperación sobre a mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda, abrindo procesos participativos na fase de deseño e revisión previa á publicación das convocatorias.

42.05.2012

Valencia

- Todas as convocatorias deben centrarse preferentemente nos ámbitos estratéxicos e nas prioridades xeográficas e transversais.
- Todos os formularios integrarán un apartado para a valoración das prioridades transversais.
- Todas as convocatorias de axudas a axentes de cooperación publicaranse preferentemente no primeiro trimestre do ano.
- Todas as convocatorias de axudas a axentes de cooperación conterán incentivos para promover a complementariedade e a actuación conxunta entre os axentes.
- Manterase o criterio de subvencionar os recursos humanos até o 70% do total do custo do proxecto.
- Todas as convocatorias favorecerán a especialización dos axentes de cooperación.
- En todas as convocatorias esixirase a inscrición previa no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, consonte ao establecido no seu regulamento.
- Todas as propostas presentadas ás convocatorias serán avaliadas externamente, a non ser que existan capacidades específicas na DXRREE e UE, de xeito rigoroso, obxectivo e con criterios de calidade.
- A valoración global das propostas será pública e os axentes poderán acceder ás valoracións particulares dos seus proxectos.

6.2. Outros instrumentos: convenios e cooperación técnica

79. A cooperación galega tamén canaliza recursos a través da cooperación directa que inclúe os convenios de cofinanciamento. Estes últimos resérvanse para financiar actividades que non poden ser financiadas a través das convocatorias públicas de axudas. Este instrumento empregarase nos seguintes casos:

- Cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan empregar os procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.
- Cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un marco de actuación previamente establecido.
- Sempre que se acorden accións conxuntas nos ámbitos estratéxicos da cooperación galega con entidades que, pola súa natureza, non se poden acoller ás vías normalizadas de acceso a recursos públicos mediante convocatorias.
- Cando se trate da promoción de proxectos ou programas de carácter rexional baseados na cooperación Sur-Sur ou na xeración de coñecemento a través do intercambio de experiencias nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios da cooperación galega.
- Cando se cofinancien proxectos dos axentes galegos de cooperación nos ámbitos estratéxicos en países prioritarios da cooperación galega que teñan sido aprobados por outros organismos internacionais (Unión Europea, Banco Mundial, etc.).

80. A cooperación galega fomentará a cooperación técnica por parte das administracións públicas galegas a nivel autonómico e local, das Universidades galegas, e doutros axentes especializados e con experiencia neste eido, mediante o asesoramento de persoal técnico especialista, a consultoría técnica, a prestación do traballo de persoal experto ou a provisión de servizos especializados. Fundamentalmente, esta cooperación técnica orientarase ao

11 de 2018



fortalecemento institucional das institucións rexionais e locais dos países socios, dentro dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega, apoiando os procesos de modernización da xestión das políticas públicas e de profesionalización da administración nos países socios, sobre todo naquelas áreas cun maior impacto na inclusión e cohesión social. Con este fin, as actuacións dos actores da cooperación galega no eido da cooperación técnica definiránse en diálogo cos socios de desenvolvemento e respectarán os principios de eficacia da axuda, orientándose á xeración de capacidades locais sostibles nos diferentes planos do reforzo institucional: individual (habilidades técnicas, profesionais, técnicas ou directivas, etc.); organizativo (planificación estratéxica, estrutura organizativa e funcional, xestión financeira e orzamentaria, procedementos técnicos ou administrativos, xestión de recursos humanos, sistemas tecnolóxicos e de información, etc.), sectorial (marco xurídico e regulación sectorial, política sectorial, cobertura e calidade na prestación de servizos, etc.) e institucional (políticas públicas e Administración pública, participación cidadá, estado de Dereito, transparencia e bo goberno, gobernabilidade democrática, etc.).

7. Avaliación e xestión do coñecemento

81. Este ciclo de planificación promoverá a aprendizaxe colectiva do conxunto de axentes e actores da cooperación galega a través da apertura de espazos para o intercambio de coñecementos, boas prácticas e resultados. Esta liña de traballo demandará a asignación de recursos financeiros suficientes para dar continuidade ao impulso de investigacións e avaliacións de calidade e orientadas á mellora continua en todas as actividades da cooperación. Neste senso, abordarase participativamente a definición dun marco de avaliación da cooperación galega co fin de delimitar os principios, criterios e recursos necesarios para a mellora das prácticas de avaliación. Ademais, os plans anuais da cooperación galega integrarán un plan anual de avaliacións e estudos. Ao tempo, promoverase a celebración de encontros abertos á cidadanía para a socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación.

82. O sistema de seguimento estará integrado polos seguintes insumos, que serán accesibles á cidadanía galega e aos axentes e actores galegos de cooperación:

- Informes anuais de seguimento/ memorias anuais de xestión.
- Informes das avaliacións das intervencións en dous países prioritarios como mínimo.
- Estudos financiados pola DXRREE e UE.
- Informe da análise intermedia do IV Plan director.
- Informes das avaliacións dos proxectos xestionados polos axentes de cooperación.
- Visitas aos proxectos de cooperación ou acción humanitaria polos responsables e persoal técnico da cooperación galega.

86. Este Plan director someterase no segundo semestre de 2019 a unha análise intermedia externa e independente do bienio 2018-2019, empregando os datos do sistema de seguimento. O obxectivo desta análise será revisar o progreso no cumprimento dos compromisos, valorar a adecuación das previsións do Plan director aos novos contextos e detectar propostas de mellora para os resultados con dificultades na súa consecución. No segundo semestre de 2021 levarase a cabo a avaliación final externa e independente do IV Plan director. Os resultados desta avaliación deberán presentarse coa antelación suficiente

15 de outubro de 2018

Valencia

para que poidan orientar o novo ciclo de planificación. Os resultados da análise intermedia e da avaliación final difundiranse publicamente.

87. Tanto no caso da análise intermedia como no da avaliación final, ambas as dúas deberán contribuír á aprendizaxe e facilitar o uso dos seus resultados en todos os niveis de responsabilidade. Ao tempo, empregaranse estes resultados para render contas á cidadanía, ao Goberno da Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia, aos axentes e actores galegos de cooperación e aos socios de desenvolvemento.

8. Marco orzamentario

88. Para o período 2018-2021, os recursos orzamentarios dispoñibles definiranse tomando como base a dotación orzamentaria do Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 e garantindo un crecemento anual igual ou superior ao 11,4%, tal e como foi comprometido pola Xunta de Galicia aos axentes de cooperación. Con este fundamento, sinálase o seguinte indicador orzamentario do IV Plan director:

“O Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), garantíndose un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4%”

89. Na hipótese dun crecemento estable do Programa 331A, a cooperación galega estaría dotada anualmente como mínimo cos seguintes recursos orzamentarios:

% crecemento mínimo anual do Programa 331A	2018	2019	2020	2021	Orzamento total Programa 331A 2018-2021	Crecemento cuadrienal respecto orzamento total Programa 331A 2014-2017
11,4%	5.027.160 €	5.600.256 €	6.238.685 €	6.949.896 €	23.815.997 €	40,17%

90. Polo tanto, o crecemento orzamentario mínimo comprometido para o Programa 331A é dun 40,17% para o período 2018-2021 respecto ao anterior Plan director. Neste mínimo non se inclúen nin os gastos relativos ao Capítulo II (gastos correntes), nin os desembolsos que poidan realizar outros departamentos da Xunta de Galicia, que no período 2014-2017 ascenderon conxuntamente a un total de 1,7 millóns de euros. Este compromiso cun crecemento significativo do Programa 331A enmárcase no horizonte definido pola Estratexia galega de acción exterior.

91. O programa 331-A que financia o IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 enmárcase no Obxectivo OI.2.3.01: Mellorar a calidade de vida nos países do Sur a través da cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria galega do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2021 (PEG 2015-2020). Como indicador clave de seguimento deste obxectivo utilizarase o P00 45L: Axudas concedidas para a cooperación exterior e ao desenvolvemento.

9. Marco de resultados e indicadores

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ¹	Produtos
R.X.1. A cooperación galega aliña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os ODS.	<i>L.A.1.1. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega.</i>	1.1.1. Aprobada unha declaración institucional no Parlamento de Galicia en favor da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible das Nacións Unidas. 1.1.2. Constituído un grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.	1. Declaración institucional do Parlamento de Galicia. 2. Grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030.
	<i>L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.</i>	1.2.1. Nº de reunións dos grupos de traballo do CONGACODE.	3. Actas dos grupos de traballo
	<i>L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.</i>	1.3.1. O Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), garantíndose un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4%.	4. Orzamento do Programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado.
R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.	<i>L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios</i>	2.1.1. Como mínimo o 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 11 países prioritarios.	5. Proxectos no exterior executados nos países prioritarios.
	<i>L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados.</i>	2.2.1. Un 20-25% da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos Países Menos Adiantados.	6. Proxectos no exterior executados en Países Menos Adiantados.
	<i>L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.</i>	2.3.1. Como mínimo un 20-30% da axuda desembolsada en cooperación exterior ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global pola DXRREE e UE, dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo, ou que dean continuidade a intervencións previas.	7. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.

¹ Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do IV Plan director no 2021.

Proxecto de IV Plan director da cooperación galega (2018-2021)

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ¹	Produtos
R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.	L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.	3.1.1.O 60-75% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase aos tres ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento. 3.1.2. O 10-15% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria. 3.1.3. O 10-15% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.	8. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos ámbitos estratéxicos.
	L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.	3.2.1. Un 20% dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e UE destinarase a acción humanitaria. 3.2.2. Como mínimo un 50% da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE canalizarase por medio de convocatoria pública. 3.2.3. Nº de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada. 3.2.4. Achegas económicas ao fondo humanitario común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia.	9. Proxectos financiados en acción humanitaria. 10. Convocatorias de acción humanitaria resoltas. 11. Convenios en acción humanitaria subscritos. 12. Achegas económicas ao fondo humanitario común realizadas.
	L.A.3.3. Executar a Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega.	3.3.1. Grao de execución da programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobada polo grupo de traballo de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global do CONGACODE.	13. Actas do grupo de traballo de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global do CONGACODE. 14. Programación anual do marco de resultados da Estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

Valencia

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ¹	Produtos
R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.	L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.	4.1.1. Nº de reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento, do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030, e dos Encontros de comunidades autónomas e Cooperación nos que participa a Xunta de Galicia.	15. Reunións da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da cooperación española celebradas. 16. Reunións do Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 celebradas. 17. Encontros de comunidades autónomas e cooperación celebrados.
	L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.	4.2.1. Un 20- 30% da axuda total desembolsada a través das convocatorias e convenios da DXRREE e UE aos axentes de cooperación financia proxectos en agrupación.	18. Proxectos en agrupación financiados.
	L.A.4.3. Reforzar a colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación	4.3.1. Nº de actividades financiadas pola DXRREE e UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación portugueses.	19. Proxectos financiados pola DXRREE e UE.
R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS.	L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.	5.1.2. Nº de asistencia técnicas orientadas ao reforzamento da capacidade da DXRREE e UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento.	20. Asistencia técnicas realizadas.
	L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	5.2.1. Nº de convenios formalizados pola DXRREE e UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	21. Convenios formalizados anualmente coa CGONGD, Fondo Galego e Universidades da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.


12 de 7018

Valencia

Proxecto de IV Plan director da cooperación galega (2018-2021)

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ¹	Produtos
	L.A.5.3. <i>Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.</i>	5.3.1. Nº de actividades de formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. 5.3.2. Nº de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas.	22. Informes de execución dos convenios formalizados coa C.GONGD, Fondo Galego e Universidades da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. 23. Bolsas de formación de persoas expertas concedidas. 24. Estudo sobre o impacto das bolsas de formación de persoas expertas. 25. Estudo de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación, e sobre as necesidades de fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación.
	L.A.5.4. <i>Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.</i>	5.4.1. Un documento marco de avaliación da cooperación galega elaborado participativamente e divulgado. 5.4.2. Nº de encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación abertos á cidadanía celebrados. 5.4.3. Nº de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das Universidades galegas. 5.4.4. Nº de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de 2 países prioritarios realizadas e difundidas.	26. Documento marco de avaliación da cooperación galega. 27. Encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas celebrados. 28. Convocatorias de investigación para o desenvolvemento resoltas. 29. Avaliacións de proxectos no exterior en 2 países prioritarios.
	L.A.5.5. <i>Dar continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.</i>	5.5.1. Até o 70% do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos .	30. Bases das convocatorias publicadas.

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ¹	Produtos
	L.A. 5.6. <i>Facilitar o acceso dos actores e axentes galegos a novas fontes de financiamento internacional.</i>	5.6.1. Nº de proxectos cofinanciados pola Xunta de Galicia aos axentes de cooperación aprobados por organismos internacionais nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios da cooperación galega.	31. Convenios de cofinanciamento formalizados.
	L.A. 5.7. <i>Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega.</i>	5.7.1. O 70-75% da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalízase a través de convocatorias públicas e o 25-30% a través de convenios.	32. Informes anuais da cooperación galega.
R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS.	L.A. 6.1. <i>Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.</i>	6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da cooperación galega. 6.1.2. Nº de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da cooperación galega. 6.1.3.. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externas e independentes da execución do IV Plan director da cooperación galega realizadas e difundidas.	33. Páxina web da cooperación galega actualizada. 34. Informes anuais da cooperación galega difundidos. 35. Análise intermedia do IV Plan director realizada. 36. Avaliación final do IV Plan director realizada.



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación, doc. núm. 3070, debatida na sesión plenaria do 22 de maio de 2018. (10/INT-000105).

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Cubrir as baixas e vacacións do persoal no Servizo Galego de Saúde, tanto na Atención primaria como na Atención Especializada.
2. Negociar coas Organizacións Sindicais na mesa sectorial de sanidade a planificación e creación de prazas no Servizo Galego de Saúde.
3. Negociar coa Xunta de Persoal do CHUO as demandas das traballadoras e traballadores.
4. Negociar coa Xunta de Persoal do CHUS as demandas das traballadoras e traballadores.
5. Negociar coa Xunta de Persoal do Álvaro Cunqueiro as demandas das traballadoras e traballadores.
6. Retirar os expedientes sancionadores iniciados contra as auxiliares de enfermería do Álvaro Cunqueiro.



7. Atender ás demandas das traballadoras e traballadores dos Puntos de Atención
Continuada do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/05/2018 10:14:14

Luis Villares Naveira na data 25/05/2018 10:14:24

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez** e **Ánxeles Cuña Bóveda** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 30455 (10/INT-001007)** debatida na sesión plenaria do 23 de maio de 2018, sobre a política do Goberno alego en relación coa protección do patrimonio cultural do Camiño de Santiago.

MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Presentar antes de que remate o presente período de sesións o plan integral do Camiño, enunciado no artigo 82 da Lei de patrimonio de Galicia.
2. Presentar no período de tres meses un informe sobre o previsible impacto do proxecto de Mina de Touro no Camiño de Santiago.
3. Presentar no período máximo de tres meses un informe sobre os danos patrimoniais do Camiño producidos na última década.
3. Poñer en marcha unha mesa de diálogo coas asociacións patrimoniais e do Camiño de Santiago para desenvolver un plan de conservación patrimonial.
4. Presentar, nun prazo máximo de tres meses, as delimitacións pendentes do Camiño, nomeadamente do Camiño Portugués.”

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2018.



Asdo.: Luca Chao Pérez

Anxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 25/05/2018 13:08:53

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 25/05/2018 13:09:02

Luis Villares Naveira na data 25/05/2018 13:09:12

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 22 de maio de 2018, sobre a estratexia de Galicia para fomentar o retorno, en plenitude de dereitos das persoas galegas emigradas (doc. núm. 2127).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar todas as medidas precisas para garantir o retorno dos galegos e galegas emigrantes en plenitude de dereitos, e a tal efecto:

1º. Dirixirase o Goberno central para establecer con carácter de urxencia un procedemento de homologación das pensións do estranxeiro coas pensións da Seguridade Social para que, as que sexan por incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez que están exentas do IRPF, se exclúan de calquera requirimento que se faga a efectos fiscais.

Namentres non se dispoña esta homologación, paralizaranse os requirimentos que a Administración tributaria está a facer aos emigrantes retornados con pensións públicas do estranxeiro, non procedendo a iniciar actuacións de xestión, investigación ou liquidación do IRPF para estes supostos.

2º. Impulsará o inmediato cumprimento dos acordos transaccionados na Proposición non de lei 8571 do Grupo dos Socialistas de Galicia na sesión do pleno do Parlamento de Galicia celebrada o 24 de maio de 2017.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar, dentro do nodo de interoperabilidade Pasaxe!, en colaboración coa Fegamp e colexios profesionais implicados, a implantación dunha plataforma de tramitación de licenzas e doutras tramitacións urbanísticas, que favoreza o traballo en rede para realizar os trámites administrativos de solicitude, seguimento e resolución de licenzas e autorizacións de obras, así como normalizar e simplificar os procesos de visado, validación e supervisión técnica efectuados polos colexios profesionais.

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2018

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 24/05/2018 16:52:42

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2018 16:52:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2018 16:52:55

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/05/2018 16:53:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/05/2018 16:53:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/05/2018 16:53:07

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, sobre as funcións e incumprimentos da Xunta de Galicia cas reivindicacións dos Axentes Forestais e Axentes Medioambientais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os Axentes Forestais de Galicia son un corpo de funcionarios da Xunta de Galicia que antes do traspaso das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia forestal e medioambiental, alá polos primeiros da década dos 80, pertencían ao corpo de Gardería Forestal do Estado.

No ano 1992 se crea por Lei a Escala de Axentes Forestais de Galicia (A Lei 12/1992, do 9 de novembro, de Creación de Determinadas Escalas de Persoal Funcionario ao Servizo da Xunta de Galicia), na que se integran os funcionarios anteriormente citados, coas funcións propias do corpo e coa titulación de acceso de “Capataz Forestal”. Esta Escala integrouse no antigo grupo “D” e con tres graos de persoal dentro da escala:

- Nivel 18, o mais alto dentro do grupo “D”, para os Axentes Territoriais.
- Nivel 16 para os Axentes Zonais
- Nivel 14 para Axentes Base.

A día de hoxe tanto os Axentes Base como Axentes Zonais, están a realizar as mesmas funcións e teñen a mesma responsabilidade, polo tanto non ten sentido seguir mantendo esta diferenciación.

No ano 2000, ante as demandas sociais e as funcións que viñan desempeñando os Axentes Forestais, créase a Escala de Axentes Facultativos Medioambientais, grupo C, mediante a Lei 2/2000. Esta Lei establece un abano competencial superior a anterior escala de Axentes Forestais e esixe estar en posesión para o seu acceso titulación de “Técnico Superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos”, hoxe titulación denominada “Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural”. Isto ía permitir a promoción da Escala do anterior grupo D á nova escala do anterior grupo C. Interesa destacar da Lei 2/2000 citada:

“A organización da función pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se refire ós corpos e escalas dos seus funcionarios, baséase nos principios de agrupación pola titulación esixida para o ingreso neles e de diferenciación entre o que se denomina administración xeral e especial en atención ás funcións desempeñadas polos seus compoñentes. Deste xeito, nos ámbitos de actuación da administración nos que se precisa a realización de determinadas actividades profesionais de carácter técnico-facultativo créanse escalas dese sector profesional que se integran nos respectivos corpos de administración especial.

A tutela e a xestión dos recursos naturais renovables e maila conservación do medio ambiente de Galicia, que ten encomendadas a Administración desta Comunidade Autónoma por expresos mandatos constitucional e estatutario, requiren a realización de determinadas actividades profesionais de execución, colaboración e apoio ós corpos facultativos de grao superior e medio xa



existentes, para lles poder dar resposta ás crecentes demandas de actuacións administrativas especializadas neste campo e cumprir o imperativo de lles transmitir ás futuras xeracións o noso común patrimonio natural. Neste sentido, é conveniente proceder á creación dunha nova escala, para efectos de desenvolver aquelas que teñan como misión a tutela, a xestión e a conservación do medio ambiente.

Malia o salto competencial e a esixencia dun maior nivel formativo, non supuxo un incremento de niveis co cambio do grupo “D” ao grupo “C”.

En 2007 publícase o EBEP, para harmonizar a lexislación estatal en materia de función pública ao marco europeo en consonancia tamén cos cambios en materia educativa. Esta norma crea un novo grupo B para cuxa titulación de acceso é a de Técnico Superior e establece un período transitorio de equivalencias entre os anteriores grupos e os novos creados, transitoriedade que dura mentres non se adapte a norma en materia de función pública da comunidade autónoma.

A tal fin, a Xunta de Galicia aproba a Lei 2/2015 do 29 de abril do Empregado Público de Galicia, da que cabe destacar para o que nos ocupa:

Creación da Escala de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, grupo B, a que se esixe para o seu acceso a titulación de Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural ou equivalente.”

- As funcións que se atribúen a esta nova escala son as establecidas para a Escala de Axentes Facultativos Medioambientais establecidas na Lei 2/2000 de creación da mesma.
- Declárase a extinguir a Escala de Axentes Facultativos Medioambientais. A declaración a extinguir da desta escala entrará en vigor cando se produza o desenrolo regulamentario da nova escala de axentes técnicos en xestión ambiental e as funcións que a presente Lei asina á nova escala serán exercidas



tamén polo persoal da escala de axentes facultativos medioambientais ata a definitiva extinción de esta última.

- Establece - Disposición Transitoria Oitava – que en tanto non se desenrole regulamentariamente o sistema de carreira horizontal, o persoal funcionario de carreira seguirá posuíndo un grao de persoal que corresponderá a un dos trinta niveis de nos que se clasifican os postos de traballo e percibirá as retribucións vinculadas ao mesmo. Igualmente establece que tódalas referencias ao complemento retributivo de carreira que prevé esta Lei entenderanse feitas ao complemento de destino que figurará nas relacións depostos de traballo.

A responsabilidade e a complexidade que conlevan o exercicio destas funcións, para as que se esixe unha formación continua específica independentemente da esixida para o acceso a esta escala de funcionarios, non se corresponden cos baixos niveis de complemento de destino asignados aos distintos postos de traballo da escala, onde a maioría do colectivo ten un posto de traballo ao que se lle asigna un complemento de destino (14) próximo ao mínimo establecido para o grupo de pertenza (C1, nivel mínimo 11), cando lle debería de corresponder un nivel mais próximo ao máximo (C1, nivel máximo 22), en función de criterios racionais de base obxectiva tales como coñecementos, formación, responsabilidade, mando, dirección, preparación esixida, autonomía na execución das funcións, etc. Criterios estes establecidos pola Xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentenzas do 24 de xaneiro de 1991 e do 10 de maio de 2013 da Sa 3ª).

En consecuencia debe procederse a unha revisión da relación dos postos de traballo da Escala de Axentes Facultativos Medioambientais para modificar a alza os complementos de destino asignados a cada posto e ser referendados na correspondente Lei orzamentaria, circunstancia esta que xa tiña que haberse producido cando o colectivo promocionou do antigo Grupo “D”, no que o persoal



de maior nivel xerárquico tiña o complemento mais alto para este grupo, ao antigo Grupo “C”.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Estudar a distribución e cadro horario de xeito que non se excedan en computo anual da xornada do persoal da Xunta de Galicia, e en computo horario fixar as gardas de mañá máximo de 10 horas e as de noite de 8 cunha distribución racional garantindo así a seguridade e saúde destes funcionarios e do persoal que dirixen. No caso do computo anual débense ter en conta os coeficientes amplificadores por horario nocturno e en fin de semana.
2. Negociar cas organizacións sindicais as condicións de traballo acorde a responsabilidade que exercen os e as axentes medioambientais.
3. Engadir en dito acordo a equiparación, o complemento específico dos Gardacostas de Galiza.
4. Cumprimento inmediato dos plans de acción da avaliación de riscos laborais.
5. Un aumento paulatino dos niveis hasta un nivel mínimo 20.
6. Facer unha campaña institucional divulgativa sobre a labor que realizan os e as Axentes Medioambientais.
7. Facer públicas as estatísticas de infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o Corpo de Axentes Medioambientais.
8. Habilitar un perfil oficial nas redes sociais como teñen outros corpos adscritos a Consellería de Medio Ambiente.

9. Habilitar un teléfono de atención o cidadán para denuncias medioambientais.
10. Integrar as e os axentes medioambientais no 112 de Galicia, xa que agora mesmo estase incumprindo por parte da Administración galega da Lei 17/2015 del Sistema Nacional de Protección Civil onde no seu artigo 17 o cita expresamente.
11. Habilitar os e as axentes forestais de medios de defensa persoal para o exercicio das nosas tarefas policiais.
12. Facilitarnos formación técnica e policial para o desenrolo das citadas funcións na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) pero principalmente na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Antón Sánchez García,

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 24/05/2018 17:55:52

Marcos Cal Ogando na data 24/05/2018 17:56:01

Paula Quinteiro Araújo na data 24/05/2018 17:56:09

Antón Sánchez García na data 24/05/2018 17:56:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31357
Data envío: 24/05/2018 18:21:13.152

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás medidas a tomar no centro de saúde de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31357
Data envío: 24/05/2018 18:21:13.152

Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cambados responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O Sergas está a implantar o que dá en chamar “intersubstitucións”, que non é outra cousa que o escaso persoal que permanece no centro faga o traballo propio e o d@s que non están.

No verán de 2017 a Xunta tomou a decisión de dar un paso máis no deterioro da prestación do servizo ao pechar o centro de saúde en horario de tarde, decisión que este verán de 2018 pretende consolidar.

Esta decisión non ten xustificación. A demanda existente, tanto a ordinaria como a que se deriva das persoas desprazadas debida á época estival aumenta. A poboación non cambia os horarios da súa xornada laboral, na época estival segue precisando o horario de tarde. O peche non se publicita para tentar evitar as queixas das veciñas e veciños polo que son moitas as persoas que demandan atención en horario de tarde e ao non ter servizo desprazan a sobrecarga.

Prodúcese un aumento das persoas que acoden ao PAC, sobrecarga do resto do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas... Unha sobrecarga asistencial brutal e un deterioro da calidade asistencial. Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31357
Data envío: 24/05/2018 18:21:13.152

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Que proceda a substituír ao persoal do Centro de Saúde de Cambados, tanto nas súas licenzas como vacacións.

Que realice todas as accións precisas para manter a asistencia sanitaria en horario completo de mañá e de tarde no centro de saúde de Cambados.

Que garanta a presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do PAC do centro de saúde de Cambados.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31357
Data envío: 24/05/2018 18:21:13.152

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2018 18:13:23

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2018 18:13:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2018 18:13:28

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2018 18:13:29

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2018 18:13:31

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2018 18:13:32



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario de En Marea, detectado un erro no escrito con número de rexistro de entrada **27916**, solicita a súa RETIRADA.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/05/2018 10:46:11

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Paula Quinteiro Araujo, Julia Torregrosa Sañudo e Carmen Santos Queiruga** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A contaminación lumínica e acústica no litoral é un feito que conleva serios problemas tanto para o noso ecosistema mariño como para aquelas persoas que viven do bo estado do mesmo, como os mariñeiros ou as mariscadoras.

Son moitos os estudos científicos que constatan este tipo de influencias e a día de hoxe carecemos de ningún informe público sobre o seu impacto concreto no litoral galego, onde a contaminación deste tipo parece considerablemente grave nas rías baixas. Unha simple ollada ás imaxes sobre luminosidade nocturna presentadas pola NASA en 2016 debería facer saltar todas as alarmas.

Se Galicia pretende seguir sendo unha potencia pesqueira e marisqueira, e se pretendemos manter un produto de alta calidade valorado en todo o mundo, a preocupación da institución autonómica por este tipo de contaminación tan negativa para a nosa biodiversidade debería estar á altura.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea, formula a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8.^a**

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a :



- 1.- Elaborar de forma periódica informes sobre o estado da contaminación lumínica no litoral galego.
- 2.- De detectarse niveis de contaminación que puidesen resultar perigosos para nosa biodiversidade marítima, realizar as accións correspondentes para a súa redución.
- 3.- Manter en todo o momento aos sectores pesqueiro e mariñeiro informados da situación, do estado do litoral e das accións a tomar.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,
Julia Torregrosa Sañudo
Carmen Santos Queiruga
Deputadas e Voceira S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 18/05/2018 09:50:15

Julia Torregrosa Sañudo na data 18/05/2018 09:50:24

Carmen Santos Queiruga na data 18/05/2018 09:50:34

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A Xunta de Galicia anunciou que 20 concellos galegos non presentaran as contas correspondentes ao exercicio pechado 2016 o órgano fiscalizador, o Consello de Contas de Galicia, feito polo que quedarán fóra das convocatorias de axudas ou subvencións convocadas pola Xunta de Galicia.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia para que elabore un plan específico de apoio aos concellos de menos de 10.000 habitantes co fin de que non se vexan prexudicados por esta situación.

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/05/2018 16:00:17

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/05/2018 16:00:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/05/2018 16:00:36

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Parlamento de Galicia aprobou o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 no mes de maio de 2016, cuxo obxectivo xeral é *“Impulsar o crecemento económico de Galicia partindo dun modelo baseado na innovación e o capital humano, que colabore para acadar unha Galicia moderna e cohesionada social e territorialmente e que permita diminuír o desemprego, aumentar a produtividade e a renda dos galegos e das galegas colaborando a retomar a senda do crecemento demográfico”*, e para o cumprimento do dito obxectivo xeral establécense unha serie de obxectivos medibles para a súa consecución:

1. PIB anuais superiores ou en torno ao 2,5 %.
2. Incremento en máis de 100.000 empregos ata 2020:
 - Redución taxa de paro en torno ao 10 %
 - Mellora das taxas de ocupación dos cidadáns entre 20 e 64 anos en 10 puntos ata acadar o 70 %.
3. Duplicar o gasto en I+D ata o 1,7 % do PIB e aumentar ata o 40 % do PIB o nivel de exportacións dos nosos sectores produtivos.
4. Reducir abandono escolar en 3,5 puntos ata chegar ao 13,5 %.
5. Chegar ao 47 % de galegos entre 30-34 anos con estudos superiores.
6. Reducir a poboación en risco de pobreza ou exclusión social en 100.000 persoas.

Grupo Parlamentario

7. Rebaixar as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 35 % respecto de 2005.

8. Aumentar o uso das enerxías renovables ata un 30 % do consumo final e incrementar a eficiencia enerxética nun 20 % respecto do nivel de 2005.

9. Implantar un paquete de medidas para revitalizar demográfica: achegarse a 1,59 fillos por muller.

10. Converxer en oito puntos coa UE en PIB per cápita, ata chegar ao 88 %.

O contido do Plan contempla a elaboración de balances de seguimento, o correspondente ao exercicio 2016 aparece na páxina *web* da Consellería de Facenda, pero para o exercicio 2017 se presenta un avance.

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que elabore o balance do Plan estratéxico correspondente ao exercicio 2017, no que se inclúa un informe sobre a participación social e as conclusións do Comité de seguimento. O dito balance deberá ser remitido o Parlamento para coñecemento, valoración e formulación de propostas por parte dos grupos parlamentarios.

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2018



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/05/2018 16:16:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/05/2018 16:16:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/05/2018 16:16:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O despoboamento é o maior problema en Galicia. Dende que governa o Partido Popular perdemos 85.000 persoas. Só o ano pasado 10.000 persoas. As proxeccións a curto prazo do IGE presentan un panorama desolador. Para o ano 2031 unha perda de 231.000 persoas.

Na actualidade en Galicia existe un desequilibrio demográfico claramente marcado: mentres que a poboación se acumula nas áreas urbanas, nos concellos do rural a perda é alarmante. A base da pirámide de Galicia estréitase ano tras ano, especialmente para os menores de 30 anos.

Nesta situación, a pesca representa un papel fundamental na fixación de poboación. Non obstante, os datos da EPA Galicia, amosan unha perda de 4.400 persoas ocupadas entre o primeiro trimestre de 2017 e o primeiro de 2018. Nun só ano reduciuse un 21 % o número persoas ocupadas neste sector. A pesca é o sector que no último ano perdeu máis poboación ocupada. Os datos son especialmente negativos para o caso das mulleres, xa que a redución representa un 31 %, todo iso a pesar de que a conselleira do Mar repite constantemente que a situación da muller no mar, é mellor, a pesar de que os datos indican o contrario.

Total	Total	Homes	Mulleres
2017/I	20,8	15,03	5,5
2018/I	16,4	12,6	3,8
		- 18 %	-31 %

O relevo xeracional non está garantido e iso deixa máis de 4.400 embarcacións sen unha alternativa de futuro.

Grupo Parlamentario

Isto é unha realidade que temos en Galicia, resultado das políticas de abandono dun Goberno que está a arranxar fochancas no canto de facer país. Un Goberno que no ano 2017 executou unicamente un 37 % do programa 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Medidas como o seguro do mal tempo, os investimentos en seguridade - concretamente sistemas antiafundimento, que manteñan a frote as embarcacións no caso de sinistro-, sistemas de localización, son problemas pendentes que nunca atopan solución e xeran inseguridade nas persoas do mar.

Fronte á dureza do traballo no mar, os ingresos acadados coa actividade non se corresponden co esforzo, de tal xeito que os ingresos da actividade non son suficientes para compensar os custes que a actividade orixina. O escenario aínda empeorará de implantarse o sistema de ITQs para o Plan de xestión do Cantábrico, cuestión que preocupa enormemente ao sector. O Goberno galego parece obviar o principio de cautela, por non ter en conta as consecuencias que tería para a nosa frota. O propio sector advirte que este sistema ten por obxecto claramente a redución de frota e que abre a porta á especulación e á privatización.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan de choque dentro do ano 2018 que determine as accións a levar a cabo para evitar a caída de poboación ocupada que sofre o sector da pesca galega, de acordo cos datos da EPA do primeiro trimestre de 2018.

Pazo do Parlamento, 18 de maio de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 18/05/2018 19:13:04

Julio Torrado Quintela na data 18/05/2018 19:13:15

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/05/2018 19:13:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A chamada “Residencia do Maior de Pontevedra” é un edificio sito na cidade, no céntrico barrio de Campolongo, que existe dende o ano 1993 e que, en 2008, pasou a ser tamén un centro con persoas dependentes. Neste momento hai 99 persoas usuarias no centro.

Como consecuencia das demandas do Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar relativas ao desleixo do Goberno sobre o centro, debatéronse iniciativas no Parlamento e esta deputada tivo acceso ás instalacións en dúas ocasións, unha vez soa e outra con deputadas e deputados da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.

Á marxe das deficiencias das instalacións -que a consellería tenta tapar con parches-, a escaseza de persoal é alarmante, unido a que o Goberno sabe ben que a Consellería de Política Social é a máis feminizada. Unhas necesidades mínimas requírense nos departamentos de enfermaría (de maneira que se creen 2 DUES), 1 posto en cociña (1 persoa con categoría a negociar) e auxiliares de enfermaría (5 persoas). A maiores, o médico só vai 4 días á semana (lembramos que máis da metade das persoas usuarias son asistidas), a fisioterapeuta e a terapeuta ocupacional só están a media xornada e non hai psicólogo.

 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación á “Residencia do Maior de Pontevedra” e sempre en coordinación co Comité de Empresa de Pontevedra da Consellería de Traballo e Benestar, ao seguinte:

1. Que o incremento do persoal do centro inclúa, como mínimo, a creación de 2 DUES, 1 posto en cociña, 5 auxiliares de enfermaría e 1 praza de psicólogo a xornada completa.
2. Que incremente as xornadas do médico, da fisioterapeuta e da terapeuta ocupacional de maneira que estean a xornada completa os 5 días da semana e a media xornada as fins de semana.

Pazo do Parlamento, 21 de maio de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/05/2018 11:29:23

Noela Blanco Rodríguez na data 21/05/2018 11:29:30

Julio Torrado Quintela na data 21/05/2018 11:29:35



 [Grupo Parlamentario](#)

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/05/2018 11:29:39

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os equipos de valoración e orientación para a discapacidade (EVO) son equipos multidisciplinares compostos por persoal de perfil médico, psicolóxico e de traballo social, así como de persoal administrativo especializado, encargados de valorar e cualificar o grao de discapacidade das persoas que o soliciten. Dependentes das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, sitúanse na Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A situación a nivel xeral é de atrasos de meses na tramitación de ditas valoracións do grao de discapacidade, malia que a normativa sinala que non se deben superar os tres meses, sendo especialmente grave a situación da sección dos EVO de Pontevedra, que acumula milleiros de expedientes en tramitación.

Se cada ano entran case uns 5000 expedientes novos nos EVO de Pontevedra e os 3 equipos existentes só poden sacar, cando están a pleno rendemento, uns 3000 ao ano, a acumulación de expedientes é inasumible sen que se aumenten equipos de xeito estrutural.

A sección de Pontevedra precisa unha solución estrutural, pois os atrasos nas valoracións sitúanse en 3 anos, de xeito ordinario, e superan o ano para os casos urxentes. A Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento



para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes establece unha serie de prioridades á hora da valoración (artigo 16. 2.), pero nin sequera nestes casos máis urxentes (valoración de menores de idade, maiores de 90 anos, casos de acceso ao emprego, violencia de xénero, etc) se consegue reducir a lista de agarda por debaixo do ano.

A tardanza na resolución sobre o grao de discapacidade mantén durante meses a persoas sen poder ter os dereitos que lle corresponden, en distintos eidos. Non ter o recoñecemento de discapacidade fai que durante o tempo de agarda se deixe de gozar de dereitos, algúns dos cales son irrecuperables, como o feito de que nenos e nenas con discapacidade non poidan acceder a becas para tratamentos ata ter recoñecida oficialmente a discapacidade. Nestes casos, as familias que non podan pagar os tratamentos sen ter a beca ven atrasado o proceso de tratamento da súa crianza, cando a atención temperá é fundamental para a infancia con diversidade funcionais. Tamén se producen ano tras ano casos de falecemento de persoas anciás antes de serlles valorado o grao de discapacidade.

Esta situación de atrasos foi negada pola Xunta e polo PP, que rexeitou no Parlamento de Galicia propostas para aumentar os equipos de valoración e orientación da discapacidade. Finalmente, a Xunta vén de admitir as inxustificables listas de agarda, sinalando que o tempo medio de agarda supera o ano en Vigo e Pontevedra.

Estas circunstancias supoñen un incumprimento da normativa a respecto da discapacidade e, concretamente, no que se refire á axilidade e eficacia dos procedementos no recoñecemento do grao de discapacidade (obxectivos para os que se publica a *Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de*



discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes), así como un trato desigual entre as persoas dos concellos que teñen como referencia o Servizo de Valoración de Discapacidade de Pontevedra con respecto ás do resto de Galiza que, con todo, tamén sofren unha demora inxustificábel.

Como sucede noutros servizos públicos afectados polos recortes, son as persoas profesionais dos EVO quen suplen á Administración, asumindo unha inhumana carga de traballo e sufrindo a realidade de ver día a día persoas que non poden acceder a dereitos que lles corresponden, padecendo a situación de ver xente que morre sen ter recoñecido o grao de discapacidade que ten. É unha situación inhumana para a cidadanía e para o persoal.

Para responder á grave situación o Parlamento aprobou instar á Xunta a crear novos EVO e a Xunta anunciou no Consello da Xunta do 18 de maio a creación, no mes de xuño, de 14 equipos que serán contratados de xeito temporal, por seis meses, seis dos cales estarán na sección de Pontevedra, 4 en Vigo, 1 na Coruña, 1 en Ferrol, 1 en Lugo e 1 en Ourense.

Os equipos de reforzo anunciadas serán temporais, cunha duración de seis meses. Esta suposta solución non é máis ca un parche e a súa ineficacia xa foi demostrada pois, de cando en vez, a Xunta fai contratos por acumulo de tarefas, situacións temporais que non resolven o problema estrutural. A valoración da discapacidade é un proceso complexo e interdisciplinar, que require de formación práctica dos equipos, co cal, parte do tempo dos contratos temporais precisase para irse formando na práctica. Ademais, o persoal administrativo tamén precisa unha formación especializada, que só se adquire coa práctica.



O convenio co Sergas para as valoracións, aplicado de xeito piloto na sección de Pontevedra, tampouco resolveu nada: os atrasos seguíronse acumulando, pois só se axiliza a parte médica, cando a valoración da discapacidade é multidisciplinar e complexa.

Polo anteriormente exposto o Grupo Parlamentar de En Marea propón a adopción dos seguintes acordos.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Crear, antes de final de ano 2018, dous equipos máis na sección dos EVO de Pontevedra de xeito estable, cunha contratación de, canto menos, tres anos.
2. Analizar as necesidades estruturais de equipos de valoración e orientación para a discapacidade en toda Galicia e crear os que sexan necesarios para evitar as listas de agarda de xeito estrutural.
3. A maiores de cubrir as necesidades estruturais, axilizar a tramitación de reforzos temporais para os EVO neste ano 2018.
4. Substituír de xeito regular as baixas, vacantes e permisos do persoal dos EVO.
5. Adecuar as instalacións nas que se sitúan os EVO á presenza de novas e novos profesionais.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vazquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira



Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/05/2018 11:32:41

Luis Villares Naveira na data 21/05/2018 11:32:48

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A Demarcación de Estradas do Estado realizou no pasado mes de xaneiro obras de acondicionamento na N-651 entre o PK 28+420 e o PK 29+240, na zona coñecida como Curvas de Santa Ana, no concello de Fene (A Coruña). Estas obras tiñan como finalidade dotar á vía de maior seguridade dada a alta siniestralidade do tramo comprendido entre o PK 28+420 e o PK 29+100. As obras entre outras intervencións comprenderon a redución de velocidade do tramo de 80 a 50 km/h, a supresión do carril de adelantamento e a construción dunha mediana.

Estas medidas, en principio, encamiñadas a mellorar a seguridade viaria, completáronse co repintado da estrada en zonas próximas, concretamente no PK 29+165 e PK 29+240, limitando os xiros á esquerda e provocando que a veciñanza teña que facer percorridos de ate 5 quilómetros (a “Demarcación de estradas” reconece 4,8 Km) para dirixirse ao centro urbano do Concello, cando este dista escasos 900 metros da entrada á rúa Santa Ana.

As respostas do Ministerio de Fomento, ate a actualidade, lonxe de aportar solucións ás demandas da veciñanza, nin recoñecen o problema que causou a súa intervención, non avanza prazos para unha posible solución.

Enténdese, ademais, que a seguridade viaria ten que ser compatible coa accesibilidade da veciñanza ás súas vivendas.

Grupo Parlamentario

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1ª) Se dirixa á Demarcación de Estradas do Estado, no prazo máis breve posible, co fin de restablecer a sinalización horizontal existente antes das obras de acondicionamento e, polo tanto, permitir os xiros á esquerda no PK 29+165 e PK 29+240 (máxime cando este último punto está en zona urbana e xa que logo non existe ningunha norma que impida o establecemento de xiros á esquerda) e á accesibilidade da veciñanza aos seus domicilios en condicións razoables.

2. Se dirixa ao Ministerio de Fomento para tramitar por vía de urxencia a instalación dunha rotonda no PK 29+160 que canalice o tráfico das vías que conflúen nese punto do viario.

3. Se dirixa ao Ministerio de Fomento para iniciar o estudo e a redacción dun proxecto de humanización e seguridade viaria no tramo da N-651, no tramo comprendido entre o PK 29+165 ao PK 30+040 que inclúa: pasos axeitados para peóns, acondicionamento dos desniveis contiguos á beiravía, zonas de aparcamento, axeitada canalización dos diferentes servizos, etc.

Pazo do Parlamento, 21 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/05/2018 14:17:29

Raúl Fernández Fernández na data 21/05/2018 14:17:40

María Luisa Pierres López na data 21/05/2018 14:17:50

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/05/2018 14:18:08



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:14
Nº Rexistro: 31183
Data envío: 21/05/2018 17:14:15.245

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa ninguén dubida da gravidade da praga da nesperiña do castiñeiro tanto pola súa extensión xeográfica coma pola intensidade desta e dos danos que está a ocasionar nos soutos consolidados e nas plantacións que se están a facer de novo.

Nesta Comisión 7ª afirmouse recentemente a preguntas deste grupo parlamentario que a solta de Tormus este anos en curso sería de 1.600.000 individuos.

As novas aparecidas na prensa destes días falan de 750.000 individuos sen que se dean razóns para esta diminución.

Pero o que máis chama a atención é o secreto con que se levan a cabo as soltas. Non hai notificación das zonas onde se realizan nin instrucións ó respecto para os propietarios de soutos e novas plantacións.

Noutras Comunidades Autónomas onde se realizaron soltas de Tormus si hai divulgación de como facer para non interferir no desenvolvemento do individuo e favorece-la súa expansión e eficacia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:14
Nº Rexistro: 31183
Data envío: 21/05/2018 17:14:15.245

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Facilitar ós concellos onde se realizaron as soltas, as instrucións necesarias, organizando charlas divulgativas das boas prácticas coa poda, lume, pesticidas e outras que se consideren oportunas co gallo de favorecer a instalación e permanencia de poboacións activas de *Torymus sinensis*.

-Realizar un estudo da expansión da praga neste ano e a intensidade da mesma para facer novas soltas de *torymus* á maior brevidade.

-Face-las previsións de compra, acopio ou encomenda de exemplares suficientes deste predador da nesperiña para o ano próximo.”

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:14
Nº Rexistro: 31183
Data envío: 21/05/2018 17:14:15.245

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/05/2018 17:13:27

María Montserrat Prado Cores na data 21/05/2018 17:13:32

Olalla Rodil Fernández na data 21/05/2018 17:13:34

Noa Presas Bergantiños na data 21/05/2018 17:13:35

Xosé Luis Bará Torres na data 21/05/2018 17:13:36

Ana Pontón Mondelo na data 21/05/2018 17:13:41

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas e deputado **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Xunta de Galicia traballa persoal informático. Este persoal divídese en persoal funcionario e persoal laboral. De entre este último poden existir varios tipos: persoal laboral temporal e laboral indefinido non fixo, laboral fixo. Todos eles teñen un denominador común son persoal informático, pero con diferentes retribucións segundo a sorte do día.

Mediante acordo do Consello da Xunta do ano 1993, que se aplicou a persoal laboral fixo, interino, funcionario, laboral temporal e laboral indefinido non fixo equiparouse o salario do persoal laboral temporal informático dos 20 coordinadores de infocentros co persoal funcionario. Na teoría, porque na práctica deles só 10 persoas teñen recoñecida unha retribución que se cualifica nalgunhas nóminas como “pendente plus de convenio”.

Dito acordo pretendía homologar a percepción salarial dos diferentes grupos existente entre persoal laboral e persoal funcionario e que, en realidade, realizaban as mesmas funcións en diferentes consellerías.

No ano 2007 as categorías de persoal laboral temporal e laboral indefinido non fixo obtiveron o recoñecemento dunha equiparación que xa se producira nalgúns casos pola vía xudicial, e consolidaron os postos de traballo a través da Disposición Transitoria Décima do V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.



Desde o ano 2012 todo o persoal informático refundiuse nunha única axencia: a AMTEGA, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, que fai diferenzas salariais entre este persoal informático que realiza as mesmas funcións e que mesmo entraron no mesmo ano e día a traballar, dando situacións dispares e causando desigualdades co agravante de que no caso do colectivo de infocentros teñan recollida esta condición nos sucesivos orzamentos e este non chegue ao seu destino por non execución do mesmo.

Este acordo non se executou, polo que as previsións de non discriminación son evidentes pois unhas persoas cobran os complementos e outras non, 10 delas si e outras 10 non, inda que na liña orzamentaria 4536, no programa de gasto 571A chamado fomento da sociedade da información e do coñecemento, si que está presupostado e non hai unha execución real do gasto para as 20 persoas que se recollen. Desde o ano 2013 recóllese como liña 4536 Grupo III (técnico especialista informática, no grupo 3.)

Nela recóllese un complemento presupostado para os diferentes exercicios para as 20 persoas e que só se abona a 10 delas, é dicir do total presupostado como complementos 118.118,40 euros no ano 2017 (no que se engloban 3 complementos diferentes: un por funcións, un específico e a equiparación salarial a razón de 3195,17 euros por posto) a razón de 3.195 euros ao ano por cada persoa. 10 persoas non perciben este complemento de 3195 euros anuais o que supón unha importante mingua no seu patrimonio como unha discriminación salarial brutal en comparación cas outras persoas que si o perciben e mesmo o gañaron a través de sentencias xudiciais.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI** para o seu debate na Comisión 1.^a :

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:



- 1.- Executar a previsión orzamentaria da liña 4536 equiparando no salario, de facto, as 20 persoas para as que está prevista a liña orzamentaria, e nomeadamente o complemento correspondente á equiparación salarial.
- 2.- Aboar os atrasos correspondentes dese complemento, e desa liña presupostada que non foi executada en ningún dos exercicios anteriores.
- 3.- Absterse de discriminar salarialmente a persoas que fan o mesmo traballo e mesmas funcións, no mesmo grupo e categoría profesional.”

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/05/2018 17:14:44

Paula Vázquez Verao na data 21/05/2018 17:14:50

Carmen Santos Queiruga na data 21/05/2018 17:14:55



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 31189
Data envío: 21/05/2018 17:19:24.151

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A ponte medieval de Ponte Sampaio é un ben cultural de grande valor histórico-artístico. Lugar de paso dos camiños históricos que unen o norte de Portugal con Compostela, foi escenario da famosa batalla da guerra contra os franceses e de moitos outros acontecementos ao longo dos tempos. Como outras moitas pontes, ten tamén asociado un rico patrimonio inmaterial.

Na actualidade, a ponte cumpre a función de infraestrutura de comunicación entre Ponte Sampaio e Arcade, tanto para peóns como para automóbiles. E diariamente é atravesada por un elevado número de peregrinos que percorren o Camiño Portugués a Compostela, constituindo un dos principais fitos desta rota pola beleza do conxunto formado polo río e a ponte.

2. A ponte medieval e a súa contorna teñen diversas carencias que é preciso corrixir:

- Necesidade de realización de traballos de conservación, mantemento e limpeza do conxunto, co obxecto de mellorar a súa imaxe.
- Alumeado anticuado e insuficiente, que sería preciso renovar.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 31189
Data envío: 21/05/2018 17:19:24.151

- Proliferación de postes, paneis, placas e outro mobiliario urbano que distorsiona a harmonía do monumento.

- Estado de abandono do monumento conmemorativo do arranxo do camiño real entre Santiago e Ponte Sampaio, obra promovida polo arcebispo Malvar a comezos do século XIX.

- Necesidade de mellora da sinalización para previr os habituais accidentes de vehículos que danan os petrós.

3. A ponte forma parte do trazado da estrada PO-264, vial autonómico que atravesa os núcleos urbanos de Ponte Sampaio e Arcade, polo que a súa conservación, mantemento e reforma é competencia da Xunta de Galiza. No paso desta estrada polo núcleo urbano de Ponte Sampaio existen numerosas deficiencias en materia de seguranza viaria, accesibilidade e mobilidade peonil, polo que resulta necesario que a administración autonómica desenvolva unha actuación integral de mellora que contemple, por unha parte, o treito comprendido entre o centro de saúde e a ponte medieval, e, por outra, o treito entre o centro de saúde e o cemiterio. Como exemplo do deficiente estado do vial pódese salientar a ausencia de pasos de peóns, a deficiente sinalización, a ausencia de beirarrúas nalgúns treitos, a existencia de beirarrúas que non cumpren a normativa vixente, e a abundancia de barreiras arquitectónicas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 31189
Data envío: 21/05/2018 17:19:24.151

1. Elaborar e executar, no presente ano 2018, en colaboración cos concellos de Pontevedra e Soutomaior, un proxecto de conservación, mantemento, limpeza, iluminación e ordenación da contorna da ponte medieval de Ponte Sampaio.

2. Elaborar un proxecto integral de mellora da estrada PO-264 entre o cemiterio e a ponte medieval de Ponte Sampaio. Neste proxecto priorizaranse as actuacións encamiñadas a mellorar a seguranza viaria, a accesibilidade e a mobilidade peonil.”

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/05/2018 17:18:46

María Montserrat Prado Cores na data 21/05/2018 17:18:54



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/05/2018 17:19
Nº Rexistro: 31189

Data envío: 21/05/2018 17:19:24.151

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/05/2018 17:18:57

Olalla Rodil Fernández na data 21/05/2018 17:18:58

Noa Presas Bergantiños na data 21/05/2018 17:18:59

Ana Pontón Mondelo na data 21/05/2018 17:19:04

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Díaz Villoslada e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicou no Diario Oficial de Galicia do 4 de maio de 2018 a Orde do 25 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018, coa finalidade de *“humanizar as vilas e cidades galegas, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas, aplicando unha nova visión sobre as nosas urbes enfocada no futuro e nas persoas.*

Polo tanto é preciso acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida da súa poboación”.

Na dita Orde enuméranse as actuacións subvencionables, sendo os investimentos na creación ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, e cun límite máximo de cincocentos euros por concello (IVE incluído) ata o esgotamento do crédito habilitado.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para:

1º) Que todas as achegas, subvencións ou axudas convocadas pola Xunta de Galicia sexan en concorrencia competitiva, asegurando a igualdade de oportunidades entre todos os concellos galegos.

Grupo Parlamentario

2º) Que no exercicio 2019 se incorporen estes créditos para incrementar o contía do Fondo de Cooperación Local de Galicia.

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/05/2018 10:49:39

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/05/2018 10:49:49

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/05/2018 10:51:54

María Luisa Pierres López na data 22/05/2018 10:53:34

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/05/2018 10:54:06

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Outra especie invasora chegou a Galicia para acabar coa sebe, cando aínda non se logrou gañar a batalla á avésa asiática. Trátase da couza asiática do boj - *Cydalima perspectalis*, no seu nome científico-, á que moitos xa coñecen popularmente como “papabuxos” pola súa rápida acción destrutora sobre os arbustos desta especie arbórea, moi utilizados en parques e xardíns públicos.

Procedente de Asia, non é nova en Europa xa que, localizouse por primeira vez en Alemaña en 2006. De alí deu o salto ao sur do continente, e no 2014 detectouse xa na comunidade galega, no municipio pontevedrés de Tomiño. Dende entón, a imaxe do “papabuxos” saltou con frecuencia aos medios de comunicación polos danos causados a xardíns históricos das Rías Baixas. Pero a acción devastadora da couza asiática seguiu estendéndose pola xeografía galega e hai xa dous anos chegou tamén a Ferrolterra, aínda que de forma moito máis tímida.

Coa chegada da primavera é cando o problema saíu á luz, xa que o ciclo vital da couza asiática esténdese de abril a setembro. Tras pasar o inverno aletargadas, os vermes espertan co bo tempo e aliméntanse vorazmente das follas para formar despois unha casula sedosa e transformarse en couzas. Cando son xa bolboretas, aparéanse e fan postas de ovos no interior das follas, das que nacen novas larvas. O problema é que se reproducen moi rapidamente (este ciclo pode chegar a repetirse tres ou catro veces desde a primavera ata o outono) e, ademais, en Galicia non conta con depredadores naturais, como si ocorre no seu lugar de orixe. Tan só as avésas asiáticas atacáronas, pero esa é outra especie invasora contra a que tamén se está loitando, polo que non se pode considerar unha boa aliada para erradicar a couza asiática do boj.

Grupo Parlamentario

Ante esta situación os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha un plan de investigación científica a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga da couza asiática do boj.

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/05/2018 11:12:04

José Antonio Quiroga Díaz na data 22/05/2018 11:12:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/05/2018 11:12:25

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Educación é unha das áreas onde a combinación de recortes orzamentarios, reformas legais de fondo e a falta de diálogo conduciron con maior nitidez cara a un cambio de modelo que implica desigualdade e perda de calidade.

É certo que para alcanzar un sistema educativo plenamente comprometido coa educación como un dereito universal non só é necesario un bo financiamento, tamén son necesarias outras condicións. Con todo, o compromiso de todos debería ser: ofrecer uns niveis aceptables no servizo público garantindo un chan común de investimento e que este estivese, polo menos vinculado á referencia media da nosa contorna Europa.

Actualmente no noso país, existe un retroceso moi marcado no investimento público para educación e sitúase en torno ao 3,8 % do PIB, lonxe da media da Unión Europea cun 5,3 %, e máis lonxe aínda dos países máis avanzados que están entre o 6 e o 8 % do PIB. O investimento en educación é unha ferramenta imprescindible da que dispón unha sociedade para promover un modelo sustentable de desenvolvemento que garanta a cohesión social. Pódese afirmar que non é a única necesidade e que existen moitas outras transcendentais, pero que dúbida cabe que só co financiamento suficiente é posible construír un proxecto educativo que permita unir calidade e equidade, nun sistema educativo orientado ao logro do éxito educativo para todos.

España necesita que se produzan avances transcendentais en materia educativa, o que constitúe unha auténtica prioridade e urxencia. Esta postura guiou aos grupos parlamentarios, entre eles o Socialista, participando de maneira efectiva e intensa na subcomisión do Pacto pola Educación.

Agora ben, este compromiso para avanzar nun acordo educativo, evidenciou o nivel de compromiso sobre as implicacións que leva promover o devandito acordo, e deixou patente unha incapacidade manifesta por parte do Goberno do Estado para impulsar os cambios que o acordo necesita. O primeiro é imprescindible para que o resto das

Grupo Parlamentario

propostas poidan ter sentido, coherencia e credibilidade sobre a súa materialización, e a recuperación da suficiencia de recursos destinados á Educación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non é razoable que un dos principais países e economías na UE se sitúe xa na cola en gasto educativo. Non houbo nin un só xesto polo Goberno para corrixir a senda de recortes comprometido no Plan de Estabilidade Presentado polo Goberno de España para reducir aínda máis o investimento educativo. Desgraciadamente este compromiso de redución dos recursos para a educación respecto do PIB, fixéronse efectivos tamén no proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para 2018.

O resultado é que España se encamiña de maneira rápida e perigosa a non estar xa nos países de cola de xesto educativo da UE 25, senón a moi probablemente a ser o último deles nos próximos anos, perdendo así calquera oportunidade de construír un modelo sustentable de desenvolvemento económico e avanzar no que debería ser unha educación de calidade para a sociedade moderna do século XXI.

Para levar adiante o conxunto de iniciativas que nos permitirán construír o sistema educativo que faga posible superar con éxito os retos que nos expón o século XXI é preciso garantir o financiamento público do sistema educativo a través de mecanismos que estean por encima da alternancia política e das discusións anuais dos orzamentos xerais do Estado, gañando así unha perspectiva de criterios de gasto plurianuais e a necesaria concertación entre diferentes administracións educativas dun modelo fortemente descentralizado. En segundo lugar, debemos recoñecer que existe un consenso social que debe pasar a ser tamén político, sobre a necesidade de recuperar os niveis de recursos detraídos á educación que nos coloquen, no menor tempo posible, na senda do investimento educativo medio da UE 25.

Por estas razóns é necesario que o Goberno e as comunidades autónomas poidan acordar a súa participación no proceso de incorporación de recursos ao sistema educativo tanto nos programas de Cooperación Territorial como no proceso de necesario incremento dos recursos dispoñibles no marco do financiamento autonómico dispoñibles para a Educación.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a facer posible o consenso dos grupos políticos que permita alcanzar un Pacto de Estado Social, Político e Territorial pola Educación comprometendo:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

a) O establecemento dun marco de crecemento do gasto en educación que corrixa a progresión recollida no Plan de Estabilidade enviado ás Institucións Europeas.

b) Aumentar os créditos orzamentarios en polo menos 1.500 millóns de euros anuais nos PXE 2018 e sucesivos, que permita recuperar o investimento do 5 % do gasto do PIB destinado a educación en 2024.

c) Establecer un chan do 5 % do gasto do PIB destinado a Educación e compartir o obxectivo de alcanzar un 6 % a medio prazo.

d) A dita senda do marco de crecemento do gasto en Educación e o establecemento dun solo de gasto expresado nun PIB reflectirase no aumento de financiamento ás CCAA, no futuro acordo de financiamento autonómico e nos acordos parciais do Consello Xeral de Política Financeira.

e) O comezo de cada lexislatura, o Goberno presentará no Parlamento, previo acordo na Conferencia Sectorial de Educación, unha evolución da senda de crecemento do gasto en Educación en correlación cos obxectivos educativos para a próxima década e no marco da Estratexia Europa 2020 e seguintes. En función da devandita memoria económica, o Goberno propoñerá ás comunidades autónomas os programas de cooperación territorial e as accións prioritarias para a consecución dos ditos obxectivos con carácter plurianual.

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/05/2018 12:29:08

Maria de la Concepción Burgo López na data 22/05/2018 12:29:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/05/2018 12:29:39



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez** e **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7.^a**, sobre as melloras que se deben de acometer nas condicións das traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

SEAGA é unha empresa pública creada pola Xunta de Galiza no ano 2006 para a realización, como medio propio da Administración galega, e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas (axentes e técnicos fundamentalmente) e o persoal que se enfronta ás lapas: brigadas contratadas directamente pola Consellería de Medio Rural e brigadas contratadas a través da empresa pública SEAGA.

Non existe diferenza ningunha entre estes dous tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais, están baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.

Pero si existen varias diferenzas previas posteriores:



- O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.
- O persoal contratado a través de SEAGA non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio. Aplícaselle o Estatuto dos Traballadores excepto, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.
- Os salarios dos traballadores de SEAGA son inferiores aos do persoal contratado directamente. Non se lles recoñece o tempo traballado en SEAGA para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.
- Aos traballadores de SEAGA a empresa obrígaos, mediante un protocolo imposto que denunciaron ante a inspección de traballo, a realizar na mesma xornada tarefas de prevención e extinción, co risco que isto supón para a seguridade e a merma de efectividade na extinción dos lumes. Teñen constatadas xornadas laborais de 4 horas de traballo de prevención, máis 8 de extinción.

En resumo, realizan as mesmas funcións que os seus compañeiros e compañeiras do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (SPDCIF), pero cobran menos, teñen menos dereitos, teñen contratos de menor duración, teñen que realizar tarefas de prevención e extinción na mesma xornada e ademais non se lles recoñece o tempo traballado.

Desde os Comités de Empresa e a título individual, os traballadores-as denunciaron e gañaron sentenzas que lles recoñecen dereitos do V Convenio único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, están agardando resolución da Inspección de Traballo polo protocolo que lles obriga a duplicar tarefas e están demandando ante a dirección de SEAGA e ante Función Pública que se lles aplique a disposición transitoria sexta da LOFAXGA, que di:



“En relación co persoal regulado no título III desta lei cuxo réxime xurídico lle asigne retribucións inferiores ás establecidas no convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia para as correspondentes categorías procederase, nun prazo de dous anos desde a aprobación desta lei, a negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia”.

Esta lei é a 16 / 2010 de 17 de decembro, co cal van case 5 anos desde a súa aprobación.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Aplicar unha subrogación ás traballadoras e traballadores de Seaga incluíndo a estas e a estes no SPDCIF.
- 2) Recoñecer o tempo traballado en SEAGA, tres meses por ano (tempada máximo risco) á hora de acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.
- 3) Reunirse de forma urxente co Comité de Empresa de SEAGA.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/05/2018 13:26:28

Antón Sánchez García na data 22/05/2018 13:26:38

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As pensións non contributivas son prestacións económicas que se recoñecen á cidadanía que, estando en situación de necesidade de protección, carece de recursos suficientes para subsistir, aínda que non cotizaran nunca ou o tempo suficiente para acadar as prestacións do nivel contributivo. Nesta modalidade atopamos pensións de invalidez e de xubilación.

A xestión destas pensións non contributivas (en diante, PNC) correspóndelle aos órganos competentes de Galicia e a cada CCAA.

A normativa base aplicable para situacións nas que se dea o suposto de recoñecemento da PNC e situacións de discapacidade é o Real Decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

No seu artigo 4 recolle a cualificación do grao de minusvalía, que responde a criterios técnicos unificados, mediante a aplicación dos baremos anexos. Así, son obxecto de valoración tanto as discapacidades que presente a persoa como os factores sociais complementarios sobre o entorno familiar, situación laboral, educativa e cultural, que dificulten a súa integración social. O grao de discapacidade exprésase en porcentaxe.

O real Decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social recolle na sección 2^a a asignación



económica por fillo ou menor a cargo, do capítulo I do Título VI (prestacións non contributivas) dentro da enumeración das prestacións familiares da Seguridade Social na modalidade non contributiva. Así, no artigo 353.1 regúlase a contía das asignacións que van desde os 291 euros en cómputo anual, salvo as seguintes especialidades (artigo 353.2):

- a) Fillo a cargo con discapacidade, con discapacidade do 33% ou maior: contía de 1000 euros en cómputo anual.
- b) Casos nos que o/a fillo/a á cargo é maior de 18 anos e afectado/a por discapacidade nun grao igual ou maior ao 65%, contía de 4.414,80.
- c) Casos nos que a persoa filla a cargo ten máis de 18 anos e está afectado por unha discapacidade en grado igual ou superior ao 75% e consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais necesita o concurso de terceiras persoas para os actos máis esenciais da vida diaria, nos que a contía será de 6622,80 e en cómputo anual.

Recolle o artigo 354 do texto refundido da LXSS que a determinación do grao de discapacidade e da necesidade do concurso doutra persoa a efectos das asignacións por fillo/a ou menor con discapacidade a cargo, así como a situación de dependencia e a necesidade de concurso doutra persoa a que se refire o artigo 2.c do artigo anterior, determinaranse mediante a aplicación do baremo aprobado polo goberno mediante real decreto.

É dicir, a contía económica por fillo/a a cargo menor de idade con discapacidade (-18 anos) redúcese á percepción de 1000 euros anuais, que se pagan cada semestre pola Tesourería Xeral da Seguridade Social naqueles casos nos que se constata unha discapacidade que vai desde o 33% ata o 75%, mentres que só se



están recoñecendo necesidade de concurso de terceira persoa naqueles casos nos que concorre unha discapacidade maior do 75%.

Estas percepcións das contías económicas por fillo/a con discapacidade do 353.2 b) e c) a cargo son incompatibles coa condición deste fillo/a de pensionista de invalidez ou xubilación na modalidade non contributiva. Consecuencia disto podemos ter situacións con menores a cargo cunha discapacidade que van desde o 33% ata o 75% nos que se produzan desigualdades, posto que as situacións son diferentes en cada caso, e haberá casos nos que cun 33% esa persoa poida levar a cabo unha vida perfectamente autónoma e unha persoa cunha discapacidade máis próxima ao 45% ou 55% pode incluso precisar do concurso dunha terceira persoa para os actos da súa vida diaria. Tamén atoparemos casos nos que non se perciba ningunha destas cantidades polos proxenitores e que se dea a circunstancia de que precisan concurso de terceira persoa que, aínda que recoñecida no Programa Individual de Atención, non se faga efectiva por corresponder aos servizos sociais a delimitación do mesmo.

Así, no propio Real decreto 1971/1999 do procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, no artigo 5.4 a) di que a determinación polo órgano técnico competente da necesidade de concurso de terceira persoa -ao que se refiren os artigos 145.6, 182 bis 2.c e 182 ter do texto da refundido la LXSS hoxe artigo 354 do texto refundido- farase pola aplicación do baremo establecido segundo o que dispón o 27.2 da lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia. Estimarase acreditada a concorrencia da necesidade de concurso de terceira persoa cando da aplicación do baremo se obteña unha puntuación que dea lugar a calquera dos graos de dependencia establecidos.

Os graos establecidos, recollidos na lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, no artigo 26, clasifican a situación de dependencia en tres graos:



-Grao I. Dependencia moderada: nas que a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria (en diante ABVD) unha vez ao día ou ten necesidades de apoio intermitente.

-Grao II. Dependencia severa: a persoa precisa axuda para facer varias ABVD dúas ou tres veces ao día pero non quere o apoio permanente dunha persoa coidadora ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

-Grao III. Gran dependencia: a persoa precisa axuda para as ABVD varias veces ao día e pola perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial precisa apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

O Real Decreto 1051/2013 regula as prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia establecidas na lei 39/2006. Así, establécense diferentes servizos e prestacións para os graos II e III:

- a) Servizos: prevención da dependencia, promoción da autonomía persoal, teleasistencia, axuda a domicilio, centro de día, centro de noite, atención residencial.
- b) Servizos a través de prestacións económicas: prestación económica de asistencia persoal, prestación polos servizos recollidos no apartado a).
- c) Prestación económica para coidados no entorno familiar e apoio a coidadoras.

Servizos e prestacións para o grao I:

- a) Servizos: Prevención da dependencia, promoción da autonomía persoal, teleasistencia, axuda a domicilio, centro de día e centro de noite.



- b) Servizos a través de prestacións económicas: prestación económica de asistencia persoal, prestación polos servizos recollidos no apartado a)
- c) Prestación económica para coidados no entorno familiar e apoio a coidadoras.

Na Lei 39/2006 recóllense os supostos de incompatibilidade das prestacións. Así, son incompatible as prestacións económicas entre si e cos servizos recollidos no artigo 15. Ademais, no artigo 31 tamén se recollen as deducións por percepcións de similar natureza e fin. En particular, deduciranse do complemento de grande invalidez, do 139.4 da LXSS, o complemento da asignación económica por fillo/a a cargo maior de 18 anos cun grado de discapacidade igual ou superior ao 75%, o de necesidade doutra persoa da pensión de invalidez non contributiva, e o subsidio de axuda a terceira persoa da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social das persoas discapacitadas antes LISMI.

Unha consulta vinculante feita á Dirección Xeral de Tributos, Resolución con número V0169-18 do 29-01-2018, sobre a cuestión de si se consideraba acreditada mediante unha resolución de dependencia a situación con mobilidade reducida ou que precisaba axuda de terceiras persoas, a efectos de determinar a contía do mínimo por ascendente e se tiña dereito a aumentar ese mínimo noutros 3000 euros en concepto de gastos de asistencia en relación coa normativa do Imposto da Renda das persoas físicas. No caso, a ascendente da consultante tiña un grao recoñecido de dependencia II, o mínimo por discapacidade regulado no artigo 60, que recolle o mínimo por discapacidade de ascendente ou descendentes será de 3.000 euros anuais por cada descendente ou ascendente que xeren o dereito a aplicación do mínimo. Así o mínimo será de 9.000 euros anuais que acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%. O mínimo auméntase en concepto de gastos de asistencia en 3.000 euros anuais por cada



ascendente ou descendente que acredite necesitar axuda de terceiras persoas ou mobilidade reducida, ou un grado de discapacidade igual ou superior ao 65%.

A forma de acreditar a situación de discapacidade faise mediante o certificado ou resolución do Instituto de migracións e servizos sociais (IMSERSO) ou o órgano competente das Comunidades Autónomas en materia de valoración das discapacidades, baseado nun ditame emitido polos equipos de valoración e orientación. No caso da Xunta, estas equipos precisan un reforzo estable de persoal, para rematar coa lista de agarda e a acumulación de expedientes.

Por tanto, a lei de dependencia 39/2006 e o baremo da valoración de dependencia 174/2011 non serven a efectos fiscais neste apartado de situacións de concurso da necesidade da terceira persoa e as implicacións no mínimo persoal e familiar salvo que se acredite que tamén se pasa o baremo de discapacidade e non só o da dependencia que, para estes efectos, non ten validez.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Estudar, xunto con persoas e colectivos profesionais expertos na materia, a harmonización da Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e o Real Decreto Lexislativo 1/2013 da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social e propoñer ao Goberno do Estado facer os cambios necesarios nese sentido.
- 2.- Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de adaptar, xunto con persoas e colectivos profesionais expertos na materia, na medida do posible, os baremos para que as situacións homologables de discapacidade e dependencia teñan o mesmo tratamento a todos os efectos.



3. - Reforzar de xeito estrutural os equipos de valoración e orientación da discapacidade e os equipos de valoración da dependencia.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/05/2018 16:43:06

Luis Villares Naveira na data 22/05/2018 16:43:16



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31244
Data envío: 22/05/2018 17:22:08.094

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vén de coñecer a través dos medios de comunicación o desenvolvemento dun xuízo na Audiencia Provincial de Ourense arredor dunha presunta agresión sexual acontecida no ano 2016 nunha senda peonil na ribeira do río Limia entre Vilar de Santos e Xinzo.

Con estupor coñecemos que presuntamente o Centro de Saúde de Xinzo acudindo á vítima após a agresión non ofertou asistencia sanitaria gratuíta coa desculpa da non existencia dun convenio subscrito co país de orixe da muller (Estados Unidos, segundo a información xornalística). Así mesmo infórmase dunha deficiente atención no ámbito das forzas de seguridade do Estado, máis concretamente da Garda Civil.

No relativo ao eido sanitario cómpre recordar que no ámbito estatal existe desde hai anos un Protocolo común para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero actualizado periodicamente pola Comisión Contra a Violencia de Xénero do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde que contén directrices específicas para as situacións de violencia sexual, tanto para a súa atención como as referidas á custodia de potenciais probas. Para alén desta cuestión, existen protocolos propios no ámbito



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31244
Data envío: 22/05/2018 17:22:08.094

sanitario galego como o *Procedemento de intervención en saúde*, elaborado polo Grupo de Traballo de Violencia de Xénero e Saúde da Consellería de Sanidade no ano 2016 e dirixido a profesionais da sanidade, no que se indica a actuación a seguir con base a un fluxograma de decisión Así mesmo, a Estratexia SERGAS 2020 contempla na súa Liña estratéxica 3 no ámbito da violencia machista “Homoxeneizar as actuacións en todo o Sistema Sanitario Público de Galicia para mellorar a atención sanitaria nestes casos.”

Por outra banda, o ámbito das forzas de seguridade e o ámbito xudicial teñen tamén os seus protocolos estandarizados canto á atención que deben prestar ás vítimas de violencia machista. Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos os feitos relatados polas fontes xornalísticas de máxima gravidade. Cómpre, polo tanto, unha implicación e actuación por parte da Xunta de Galiza para investigar o acontecido, facer unha avaliación dos erros e interpoñer medidas de corrección, compensación e, se é pertinente, sanción.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver unha investigación sobre o proceso de atención no caso de violencia machista denunciado en setembro de 2016 en Xinzo de Limia no que se avalíe a cadea de feitos e o cumprimento dos protocolos existentes en todos os ámbitos. Para estes efectos, alén dos organismos pertinentes correspondentes aos diferentes ámbitos, implicarase ao Observatorio Galego de Violencia Machista, con especial atención á Comisión de seguimento do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma. Avaliarase tanto o cumprimento



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31244
Data envío: 22/05/2018 17:22:08.094

da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero como o funcionamento e cumprimento do Protocolo.

2. Remitir as conclusións resultantes do punto anterior e as propostas de mellora ao Parlamento Galego e ás administracións competentes á máxima brevidade posíbel así como a incorporalas ao vindeiro Informe anual sobre o cumprimento da Lei 11/2007.

3. Levar a cabo, se for preciso, os procedementos de sanción pertinentes no ámbito das súas competencias.

4. Remitir á representación legal da vítima un escrito de desculpas onde se recollan as actuacións que vai desenvolver a Xunta de Galiza diante do coñecemento desta situación.”

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2018 17:22
Nº Rexistro: 31244
Data envío: 22/05/2018 17:22:08.094

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/05/2018 17:17:05

María Montserrat Prado Cores na data 22/05/2018 17:17:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/05/2018 17:17:15

Olalla Rodil Fernández na data 22/05/2018 17:17:17

Xosé Luis Bará Torres na data 22/05/2018 17:17:18

Ana Pontón Mondelo na data 22/05/2018 17:18:08

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da avespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e principalmente na poboación de abellas melíferas.

Desde a súa aterraxe no continente europeo en 2004 a progresión expansiva desta especie acabou por achegala o norte peninsular no ano 2010 e pouco tempo despois, entre 2012\13, empezaron a detectarse na Galicia costeira. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión, esta especie comezou a tomar carta de natureza nos concellos costeiros desde os que se está espallando por todo o territorio da nosa comunidade.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais, parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina pasan pola investigación para dar con fórmulas de control que non teñan efectos colaterais na fauna e na flora.

Por outra banda, en relación á Comisión de seguimento da avespa velutina non sabemos ata que punto é funcional e que se está a facer nela xa que, como comunican desde a Xunta de Galicia, *“a Comisión de seguimento da avespa velutina non é un órgano de carácter formal senón un grupo de traballo, motivo polo cal non se levantan actas das súas reunións”*. Ante esta afirmación, non cabe outra que reclamar que se levanten actas das reunións da Comisión de seguimento para tratar de facela o máis operativa posible, achegando os resultados dos debates da comisión á cidadanía en xeral e aos afectados en particular.



Grupo Parlamentario

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1º. Crear unha Comisión Técnica de Seguimento da avespa velutina na que estea representada a Xunta de Galicia, a Fegamp o Laboratorio Fitopatolóxico de Galicia e as asociacións apícolas de Galicia.

2º. Remitir ao Parlamento as actas das reunións celebradas pola Comisión de seguimento da vespa velutina, para o seu traslado aos deputados e deputadas da Comisión 7ª.

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/05/2018 13:21:59

José Antonio Quiroga Díaz na data 23/05/2018 13:22:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/05/2018 13:22:24



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2018 17:03
Nº Rexistro: 31295
Data envío: 23/05/2018 17:03:38.269

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sete meses despois da vaga de lumes de outubro as axudas prometidas ás explotacións de gando de Cervantes e doutras zonas queimadas seguen sen chegar. E o que é peor, non teñen permiso para levaren, agora en primavera, o gando pacer ós pastos queimados.

Non abonda con que o ano pasado a herba seca fose escasa, que tivesen de ser socorridos pola solidariedade exemplar despois dos lumes, agora están pacendo os prados que destinan á recolección silo e máis herba seca, no seu tempo. O temor está no inverno próximo.

Neste pasado, moitos esgotaron as reservas pois non puideron saca-lo gando ó monte por mor das nevaradas ou do queimado e agora pola prohibición.

Non se entendeu no seu momento a soidade fronte ó lume. Non se entende agora o silencio administrativo diante da problemática que padecen.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2018 17:03
Nº Rexistro: 31295
Data envío: 23/05/2018 17:03:38.269

A sociedade en xeral, que aproba a existencia de zonas protexidas coma a Rede Natura, non estaría tan de acordo se soubese as limitacións que ten para a xente que alí vive e os escasos beneficios que lle proporciona.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Que axilice as axudas prometidas e destinadas a paliar os danos ocasionados polo lume nas instalacións gandeiras, perdas de forraxes, peches...

-Que levante a prohibición de pastorear no queimado.

-Que estude medidas compensatorias para todos/as aqueles que vivan dentro de zonas protexidas que limiten os usos dese territorio.”

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2018 17:03
Nº Rexistro: 31295
Data envío: 23/05/2018 17:03:38.269

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/05/2018 17:02:35

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2018 17:02:41

Ana Pontón Mondelo na data 23/05/2018 17:02:43

Olalla Rodil Fernández na data 23/05/2018 17:02:47

Noa Presas Bergantiños na data 23/05/2018 17:02:49

Xosé Luis Bará Torres na data 23/05/2018 17:02:51



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31306
Data envío: 24/05/2018 11:03:47.926

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de interrompibilidade vén sufrindo nos dous últimos anos diferentes modificacións do seu desenvolvemento de cara a adaptarse ás esixencias do marco europeo. As modificacións da anterior regulación do mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade ten espertado as alertas na industria electointensiva e abre diferentes dúbidas sobre como poderá afectar á industria situada no noso país, xa que muda de forma importante o mecanismo de capacidade.

O sábado 7 de abril de 2018 publicábase no Boletín Oficial do Estado publicaba a Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade. Esta Orde, entre outras cuestións, dispón un novo período de entrega comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de decembro de 2018.

Neste sentido, a subasta de interrompibilidade para os últimos sete meses do ano comezou a finais de maio. A convocatoria de dita poxa, xestionada polo operador do sistema eléctrico, Red Eléctrica de España (REE), baixo fiscalización da Comisión



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31306
Data envío: 24/05/2018 11:03:47.926

Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), estaba prevista para se desenvolver entre o 21 e o 25 de maio, prevendo a posibilidade do seu remate antes dese mesmo día.

Para esta poxa prevíase, segundo información do propio operador do sistema, a competición de arredor de 130 empresas da grande industria. Os resultado da mesma serán coñecidos unha vez validados pola CNMC.

Debido ás consecuencias que estes cambios poden ter na industria galega, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a desenvolver, a través dos seus instrumentos, un informe de avaliación dos resultados para a industria electrointensiva galega da aplicación da nova Orde ETU/362/2018, do 6 de abril, pola que se modifica a Orde IET/2013/2013, do 31 de outubro, pola que se regula o mecanismo competitivo de asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade e avaliar co sector a necesidade, se a houber, de remitir propostas ao respecto para o goberno central de cara a futuras mudanzas.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 11:03
Nº Rexistro: 31306
Data envío: 24/05/2018 11:03:47.926

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2018 11:02:10

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2018 11:02:15

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2018 11:02:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2018 11:02:18

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2018 11:02:19

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2018 11:02:21

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Dende o ano 2009, Augas de Galicia ten aberto seis expedientes sancionadores ao Concello de Barreiros, na provincia de Lugo, tres deles relacionados co lugar de San Miguel de Reinante, na praia de Arealonga. O mesmo organismo xa redactara un proxecto de nova EDAR para este lugar, mais este proxecto está na actualidade en supervisión, en fase de avaliación e revisión.

Ademais dos custes das propias sancións para un concello pequeno como Barreiros, os efectos medioambientais que supón a falla de EDAR nunha zona de especial protección (ZEC, ZIP e Rede Natura) son nefastos, tamén porque o resto de depuradoras do concello non funcionan debidamente.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Axilizar a tramitación do proxecto da nova EDAR de San Miguel de Reinante, no concello de Barreiros, na provincia de Lugo, antes de que remate o ano 2018.
2. Acordar unha partida orzamentaria específica, neste exercicio 2018, para a depuración do concello de Barreiros.

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2018

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2018 11:00:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/05/2018 11:00:22

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2018 11:00:28

María Luisa Pierres López na data 24/05/2018 11:00:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/05/2018 11:00:47

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Noela Blanco Rodríguez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Os datos do Instituto Galego de Estatística relativos á taxa de accidentes na pesca, correspondentes aos últimos dispoñibles, amosan un incremento do 8,5 %, para o total de accidentes ocorridos entre ano 2015 e 2016, de 979 a 1.072. Pero resulta especialmente preocupante o incremento dos accidentes graves, que alcanza un 61 %, de 42 a 58, e no caso dos mortais un 20 % (de 8 a 12).

Respecto das enfermidades profesionais con baixa, resulta especialmente rechamante que para o mar só se produzan en torno a 10 casos ao ano, cando se trata dunha demanda histórica das persoas do mar, especialmente das mulleres redeiras e das mariscadoras.

Na Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo (EGSST) 2017-2020, establécense como factores que mellorarían substancialmente o benestar no traballo e as condicións laborais, as novas tecnoloxías e as numerosas innovacións na organización do traballo, así como a prevención eficaz das enfermidades relacionadas co traballo. Outro dos aspectos recollidos fai referencia á necesidade de adaptación do lugar de traballo á accesibilidade do posto e ás intervencións dirixidas aos traballadores de maior idade. E incluso a EGSST concreta unha serie de obxectivos, liñas estratéxicas e medidas precisas para dalgún xeito revertir estes índices. Concretamente o Obxectivo 5, refírese ás actividades que presentan maior risco, nas cales debemos incluír a pesca, tal e como reflicten os datos. Entre estas medidas, recóllense por exemplo os trastornos musculoesqueléticos no caso das mulleres, caso no que se poderían incluír as mulleres redeiras galegas.

Para todo isto, crearase un grupo de traballo no seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral para o seguimento e avaliación desta estratexia, que permitirá adoptar as disintas medidas e a súa execución.

Grupo Parlamentario

Así pois, temos por un lado, a realidade en canto aos datos, á taxa de accidentes e ás medidas que hipoteticamente aplicaría o Goberno galego, mentres que por outro lado, temos os orzamentos, que recollen as dotacións económicas para precisamente acadar estes obxectivos indicados.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É curioso, non obstante, ver como no programa 723A de mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, entre o ano 2017 e 2018 reducíronse partidas como:

- Investimentos a bordo: de 1.300.000 euros a 248.000 euros.
- Modernización de motores: de 200.000 euros a 0 euros.
- Saúde e seguridade: de 900.000 euros a 385.000 euros.
- Formación menores de 30 anos desempregados: de 800.000 euros a 435.000 euros.

E unicamente se destinan 130.000 euros a actuacións para mellora da pesca.

Costa entender estas reducións cando na EGSST se establecen medidas como “Impulsar a mellora das condicións de traballo en sectores e actividades con elevados índices de incidencia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, con especial atención aos máis atomizados, como por exemplo o sector primario”. Ou “profundar no estudo e investigación de enfermidades profesionais que se consideren prioritarias, analizando as súas causas, frecuencia e medidas de prevención” E costa especialmente comprendelas cando os barcos galegos ademais de ser os máis pequenos de Europa, son tamén os máis vellos.

Os Socialistas entendemos que o grupo de traballo creado no seo do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral para o seguimento e avaliación desta estratexia, debe ter en consideración estes aspectos, xa que dificilmente se poderán adoptar medidas sen a conseguinte dotación orzamentaria.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que de acordo cos obxectivos, liñas estratéxicas e medidas establecidas na Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2017-2020:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Se leve a cabo un estudo, antes de que remate o exercicio 2018, para implementar a investigación de enfermidades profesionais das redeiras e mariscadoras analizando as súas causas, frecuencia e medidas de prevención.
2. Se leve a cabo un estudo, antes de que remate o exercicio 2018, co obxecto de determinar as causas dos elevados índices de incidencia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais na pesca.

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/05/2018 13:44:03

Noela Blanco Rodríguez na data 23/05/2018 13:44:16

Julio Torrado Quintela na data 23/05/2018 13:44:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/05/2018 13:44:34

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O 23 de maio de 2018, ás 08:30 horas da mañá, foi atropelada unha peregrina por un vehículo na estrada PO-225, estrada que comunica Alba (N-550) con San Caetano (PO-531).

O suceso tivo lugar en San Caetano (Pontevedra), un dos puntos negros do Camiño Portugués, no Camiño en Pontevedra.

Este lugar, San Caetano, é un dos 11 puntos negros do camiño.

A peregrina foi arrollada por un vehículo mentres cruzaba San Caetano.

Por sorte, a peregrina non sufriu feridas de consideración, mais escenifica, unha vez máis, a necesidade de actuar e atopar solucións para mellorar a seguridade nestes puntos negros detectados e localizados.

A Asociación do Camiño Portugués vén denunciando, dende hai anos, a perigosidade de San Caetano, con escasa visibilidade, que o sitúan como un dos grandes puntos negros do camiño.

Así o refrendou, a través do seu presidente, na súa comparecencia na Comisión non permanente de seguridade viaria o 14 de decembro de 2017.

Grupo Parlamentario

Refrendou o perigo e reclamou medidas urxentes. Perigo compartido pola Administración, porque xa en 2010 o entón conselleiro de Infraestruturas, o Señor Agustín Hernández, prometeu solucionalo.

A día de hoxe a situación segue a ser a mesma que fai oito anos. É dicir, sen solucións. Pero co agravante do aumento de peregrinos cada ano:

- No 2017, 70.000 peregrinos fixeron este camiño.
- No 2018 a previsión é de 80.000.

Ante esta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Proxectar e executar, antes de finalizar o 2018 polo seu perigo, as actuacións necesarias para garantir a seguridade viaria no punto negro do Camiño Portugués ao seu paso por Alba (Pontevedra) na estrada PO-225.
2. Redactar os proxectos e executar as obras necesarias dos outros 10 puntos negros do Camiño Portugués para garantir a seguridade viaria das persoas peregrinas e das persoas viaxeiras.

Pazo do Parlamento, 24 de maio de 2018

Asdo.: Raúl Fernández Fernández

Patricia Vilán Lorenzo

María Luisa Pierres López

José Manuel Pérez Seco

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2018 12:51:23

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2018 12:51:34

María Luisa Pierres López na data 24/05/2018 12:51:38

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/05/2018 12:51:42

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/05/2018
12:51:50**

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto non artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**,

EXPOSICION DE MOTIVOS

En setembro de 2017 o grupo de traballo sobre desaparicións forzosas e involuntarias de Nacións Unidas elaborou un informe dirixido ao goberno. No mencionado informe, conclúese e insístese en que aínda non están a ser tomadas en conta algunhas das recomendacións que fixeron os representantes da ONU, na visita que tivo lugar en setembro de 2013, ao Goberno de España. Entre elas atópase o feito de que as investigacións recaeron en mans dos familiares e descendentes das e dos desaparecidos, atopándose estes en idades moi avanzadas e consecuentemente o Estado español non actuou coa debida forza nin “asumiui un liderado para asegurar unha política de Estado” tal e como se dispuxo no informe da visita. Así mesmo, o Goberno español debe implementar maior apoio institucional e financeiro ás asociacións de familiares e aos propios familiares para que poidan levar a cabo as accións correspondentes que lles permita localizar e identificar as persoas desaparecidas, tarefa que non debe recaer só nos familiares senón no Estado: “abarcando a totalidade do territorio nacional”.

Doutra banda, na Lei de Memoria Histórica, no artigo 12.2, sinálase que: as administracións públicas publicarán dentro do seu territorio correspondente, aqueles mapas nos cales se indiquen os terreos onde están localizados os restos das vítimas. Este mapa deberá ser accesible a calquera cidadán interesado. Outro aspecto que recolle a lei e que debería ser de obrigado proceder é o que fai



referencia a que deberían de ser os poderes públicos os que preserven as áreas que foron identificadas nos mapas.

Por todo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

1º As exhumacións sexan recoñecidas dentro do marco dos dereitos humanos, como persoas que foron desaparecidas de forma forzosa e involuntaria, e non como “achados” ou “restos” arqueolóxicos, tal e como vén sucedendo na actualidade.

2º Se aplique a Lei da memoria histórica, no seu artigo 12.2, en canto fai referencia expresa á identificación das fosas. As fosas ou os lugares onde se atopan, deben estar preservadas para evitar a súa deterioración ou a súa destrución ante calquera tipo de inxerencia ou proceder urbanístico.

3º Os familiares e/ou as asociacións correspondentes poidan recibir apoio institucional para a localización, exhumación e identificación das vítimas. Algo que, na actualidade, non sempre está a ocorrer.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira s. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 24/05/2018 16:38:48

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A interoperabilidade, é a capacidade que teñen os sistemas de información, e os procedementos ós que lle dan soporte, para poder compartir datos.

Ademais dos importantes aforros económicos e de tempo que a interoperabilidade supón, tanto para a propia Administración como para a cidadanía, esta:

- **Beneficia á cidadáns e cidadás e empresas**, en tanto que deixen de estar obrigados a presentar os citados documentos, co que se lles facilitan certas tramitacións.
- **Beneficia á propia Administración**, facilitando o acceso ós datos e axilizando a tramitación dos procedementos.

No 2014 a Xunta de Galicia puxo en marcha Pasaxe!, o nodo de interoperabilidade de Galicia.

Pasaxe! permite a obtención de información de cidadáns e cidadás ou empresas elaborada pola Administración de forma sinxela, segura, centralizada e respectando a privacidade da cidadanía.

O portal de interoperabilidade galego, ten por obxectivo facilitar a cooperación entre administracións como mecanismo esencial para proporcionarlle ós cidadáns os servizos necesarios para garantir o seu dereito para relacionarse con elas por medios electrónicos e de non presentar aqueles documentos susceptibles de ser consultados por

Grupo Parlamentario

conexións informáticas ou xerados pola propia Administración autonómica.

Dentro das documentacións máis habituais a tramitar nun concello e que precisan habitualmente de informes sectoriais da propia Xunta de Galicia, son as tramitacións de licenzas e outras tramitacións urbanísticas.

Neste sentido o propio Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia xa ten desenrolado e implantado nalgúns concellos de Galicia esa ferramenta que ten facilitado esa interoperabilidade entre o procedemento de tramitación de traballos profesionais do COAG e o procedemento de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas. O que favorece a trazabilidade dos expedientes, a mellora da transparencia e a inmediatez nas comunicacións entre institucións e por suposto cos cidadáns e cidadás.

Esta sen dúbida é unha das queixas máis habituais dos galegos e galegas, e tamén causa da falla de confianza na administración, freo da autopromoción de vivenda, rehabilitación do patrimonio, como de emprendemento, polo farragoso das tramitacións, que en moitas ocasións se tornan interminables e que provocan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar, dentro do nodo de interoperabilidade Pasaxe!, en colaboración coa Fegamp e colexios profesionais implicados, a implantación dunha plataforma de tramitación de licenzas e doutras tramitacións urbanísticas, que favoreza o traballo en rede para realizar os trámites administrativos de solicitude, seguimento e resolución de licenzas e autorizacións de obras, así como normalizar e simplificar os procesos de visado, validación e supervisión técnica efectuados polos colexios profesionais.

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 24/05/2018 16:54:26

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2018 16:54:35

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2018 16:54:40

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/05/2018 16:54:45

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/05/2018 16:54:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/05/2018 16:54:51

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A interoperabilidade, é a capacidade que teñen os sistemas de información, e os procedementos ós que lle dan soporte, para poder compartir datos.

Ademais dos importantes aforros económicos e de tempo que a interoperabilidade supón, tanto para a propia Administración como para a cidadanía, esta:

- **Beneficia á cidadáns e cidadás e empresas**, en tanto que deixen de estar obrigados a presentar os citados documentos, co que se lles facilitan certas tramitacións.
- **Beneficia á propia Administración**, facilitando o acceso ós datos e axilizando a tramitación dos procedementos.

No 2014 a Xunta de Galicia puxo en marcha Pasaxe!, o nodo de interoperabilidade de Galicia.

Pasaxe! permite a obtención de información de cidadáns e cidadás ou empresas elaborada pola Administración de forma sinxela, segura, centralizada e respectando a privacidade da cidadanía.

O portal de interoperabilidade galego, ten por obxectivo facilitar a cooperación entre administracións como mecanismo esencial para proporcionarlle ós cidadáns os servizos necesarios para garantir o seu dereito para relacionarse con elas por medios electrónicos e de non presentar aqueles documentos susceptibles de ser consultados por

Grupo Parlamentario

conexións informáticas ou xerados pola propia Administración autonómica.

Dentro das documentacións máis habituais a tramitar nun concello e que precisan habitualmente de informes sectoriais da propia Xunta de Galicia, son as tramitacións de licenzas e outras tramitacións urbanísticas.

Neste sentido o propio Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia xa ten desenrolado e implantado nalgúns concellos de Galicia esa ferramenta que ten facilitado esa interoperabilidade entre o procedemento de tramitación de traballos profesionais do COAG e o procedemento de tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas. O que favorece a trazabilidade dos expedientes, a mellora da transparencia e a inmediatez nas comunicacións entre institucións e por suposto cos cidadáns e cidadás.

Esta sen dúbida é unha das queixas máis habituais dos galegos e galegas, e tamén causa da falla de confianza na administración, freo da autopromoción de vivenda, rehabilitación do patrimonio, como de emprendemento, polo farragoso das tramitacións, que en moitas ocasións se tornan interminables e que provocan.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a impulsar, dentro do nodo de interoperabilidade Pasaxe!, en colaboración coa Fegamp e colexios profesionais implicados, a implantación dunha plataforma de tramitación de licenzas e doutras tramitacións urbanísticas, que favoreza o traballo en rede para realizar os trámites administrativos de solicitude, seguimento e resolución de licenzas e autorizacións de obras, así como normalizar e simplificar os procesos de visado, validación e supervisión técnica efectuados polos colexios profesionais.

 Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 24/05/2018 16:53:25

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2018 16:53:31

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2018 16:53:36

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 24/05/2018 16:53:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/05/2018 16:53:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 24/05/2018 16:54:14

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.ª**, sobre as funcións e incumprimentos da Xunta de Galicia cas reivindicacións dos Axentes Forestais e Axentes Medioambientais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os Axentes Forestais de Galicia son un corpo de funcionarios da Xunta de Galicia que antes do traspaso das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia forestal e medioambiental, alá polos primeiros da década dos 80, pertencían ao corpo de Gardería Forestal do Estado.

No ano 1992 se crea por Lei a Escala de Axentes Forestais de Galicia (A Lei 12/1992, do 9 de novembro, de Creación de Determinadas Escalas de Persoal Funcionario ao Servizo da Xunta de Galicia), na que se integran os funcionarios anteriormente citados, coas funcións propias do corpo e coa titulación de acceso de “Capataz Forestal”. Esta Escala integrouse no antigo grupo “D” e con tres graos de persoal dentro da escala:

- Nivel 18, o mais alto dentro do grupo “D”, para os Axentes Territoriais.
- Nivel 16 para os Axentes Zonais
- Nivel 14 para Axentes Base.

A día de hoxe tanto os Axentes Base como Axentes Zonais, están a realizar as mesmas funcións e teñen a mesma responsabilidade, polo tanto non ten sentido seguir mantendo esta diferenciación.

No ano 2000, ante as demandas sociais e as funcións que viñan desempeñando os Axentes Forestais, créase a Escala de Axentes Facultativos Medioambientais, grupo C, mediante a Lei 2/2000. Esta Lei establece un abano competencial superior a anterior escala de Axentes Forestais e esixe estar en posesión para o seu acceso titulación de “Técnico Superior en Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos”, hoxe titulación denominada “Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural”. Isto ía permitir a promoción da Escala do anterior grupo D á nova escala do anterior grupo C. Interesa destacar da Lei 2/2000 citada:

“A organización da función pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se refire ós corpos e escalas dos seus funcionarios, baséase nos principios de agrupación pola titulación esixida para o ingreso neles e de diferenciación entre o que se denomina administración xeral e especial en atención ás funcións desempeñadas polos seus compoñentes. Deste xeito, nos ámbitos de actuación da administración nos que se precisa a realización de determinadas actividades profesionais de carácter técnico-facultativo créanse escalas dese sector profesional que se integran nos respectivos corpos de administración especial.

A tutela e a xestión dos recursos naturais renovables e maila conservación do medio ambiente de Galicia, que ten encomendadas a Administración desta Comunidade Autónoma por expresos mandatos constitucional e estatutario, requiren a realización de determinadas actividades profesionais de execución, colaboración e apoio ós corpos facultativos de grao superior e medio xa



existentes, para lles poder dar resposta ás crecentes demandas de actuacións administrativas especializadas neste campo e cumprir o imperativo de lles transmitir ás futuras xeracións o noso común patrimonio natural. Neste sentido, é conveniente proceder á creación dunha nova escala, para efectos de desenvolver aquelas que teñan como misión a tutela, a xestión e a conservación do medio ambiente.

Malia o salto competencial e a esixencia dun maior nivel formativo, non supuxo un incremento de niveis co cambio do grupo “D” ao grupo “C”.

En 2007 publícase o EBEP, para harmonizar a lexislación estatal en materia de función pública ao marco europeo en consonancia tamén cos cambios en materia educativa. Esta norma crea un novo grupo B para cuxa titulación de acceso é a de Técnico Superior e establece un período transitorio de equivalencias entre os anteriores grupos e os novos creados, transitoriedade que dura mentres non se adapte a norma en materia de función pública da comunidade autónoma.

A tal fin, a Xunta de Galicia aproba a Lei 2/2015 do 29 de abril do Empregado Público de Galicia, da que cabe destacar para o que nos ocupa:

Creación da Escala de Axentes Técnicos en Xestión Ambiental, grupo B, a que se esixe para o seu acceso a titulación de Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural ou equivalente.”

- As funcións que se atribúen a esta nova escala son as establecidas para a Escala de Axentes Facultativos Medioambientais establecidas na Lei 2/2000 de creación da mesma.
- Declárase a extinguir a Escala de Axentes Facultativos Medioambientais. A declaración a extinguir da desta escala entrará en vigor cando se produza o desenrolo regulamentario da nova escala de axentes técnicos en xestión ambiental e as funcións que a presente Lei asina á nova escala serán exercidas



tamén polo persoal da escala de axentes facultativos medioambientais ata a definitiva extinción de esta última.

- Establece - Disposición Transitoria Oitava – que en tanto non se desenrole regulamentariamente o sistema de carreira horizontal, o persoal funcionario de carreira seguirá posuíndo un grao de persoal que corresponderá a un dos trinta niveis de nos que se clasifican os postos de traballo e percibirá as retribucións vinculadas ao mesmo. Igualmente establece que tódalas referencias ao complemento retributivo de carreira que prevé esta Lei entenderanse feitas ao complemento de destino que figurará nas relacións de postos de traballo.

A responsabilidade e a complexidade que conlevan o exercicio destas funcións, para as que se esixe unha formación continua específica independentemente da esixida para o acceso a esta escala de funcionarios, non se corresponden cos baixos niveis de complemento de destino asignados aos distintos postos de traballo da escala, onde a maioría do colectivo ten un posto de traballo ao que se lle asigna un complemento de destino (14) próximo ao mínimo establecido para o grupo de pertenza (C1, nivel mínimo 11), cando lle debería de corresponder un nivel mais próximo ao máximo (C1, nivel máximo 22), en función de criterios racionais de base obxectiva tales como coñecementos, formación, responsabilidade, mando, dirección, preparación esixida, autonomía na execución das funcións, etc. Criterios estes establecidos pola Xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentenzas do 24 de xaneiro de 1991 e do 10 de maio de 2013 da Sa 3ª).

En consecuencia debe procederse a unha revisión da relación dos postos de traballo da Escala de Axentes Facultativos Medioambientais para modificar a alza os complementos de destino asignados a cada posto e ser referendados na correspondente Lei orzamentaria, circunstancia esta que xa tiña que haberse producido cando o colectivo promocionou do antigo Grupo “D”, no que o persoal



de maior nivel xerárquico tiña o complemento mais alto para este grupo, ao antigo Grupo “C”.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Estudar a distribución e cadro horario de xeito que non se excedan en computo anual da xornada do persoal da Xunta de Galicia, e en computo horario fixar as gardas de mañá máximo de 10 horas e as de noite de 8 cunha distribución racional garantindo así a seguridade e saúde destes funcionarios e do persoal que dirixen. No caso do computo anual débense ter en conta os coeficientes amplificadores por horario nocturno e en fin de semana.
2. Negociar cas organizacións sindicais as condicións de traballo acorde a responsabilidade que exercen os e as axentes medioambientais.
3. Engadir en dito acordo a equiparación, o complemento específico dos Gardacostas de Galiza.
4. Cumprimento inmediato dos plans de acción da avaliación de riscos laborais.
5. Un aumento paulatino dos niveis hasta un nivel mínimo 20.
6. Facer unha campaña institucional divulgativa sobre a labor que realizan os e as Axentes Medioambientais.
7. Facer públicas as estatísticas de infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o Corpo de Axentes Medioambientais.
8. Habilitar un perfil oficial nas redes sociais como teñen outros corpos adscritos a Consellería de Medio Ambiente.

9. Habilitar un teléfono de atención o cidadán para denuncias medioambientais.
10. Integrar as e os axentes medioambientais no 112 de Galicia, xa que agora mesmo estase incumprindo por parte da Administración galega da Lei 17/2015 del Sistema Nacional de Protección Civil onde no seu artigo 17 o cita expresamente.
11. Habilitar os e as axentes forestais de medios de defensa persoal para o exercicio das nosas tarefas policiais.
12. Facilitarnos formación técnica e policial para o desenrolo das citadas funcións na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) pero principalmente na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Marcos Cal Ogando

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Antón Sánchez García,

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 24/05/2018 17:57:28

Marcos Cal Ogando na data 24/05/2018 17:57:37

Paula Quinteiro Araújo na data 24/05/2018 17:57:48

Antón Sánchez García na data 24/05/2018 17:57:55



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31356
Data envío: 24/05/2018 18:21:04.183

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar no centro de saúde de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Unha situación de deterioro xeneralizado na que a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos crer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31356
Data envío: 24/05/2018 18:21:04.183

Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cambados responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O Sergas está a implantar o que dá en chamar “intersubstitucións”, que non é outra cousa que o escaso persoal que permanece no centro faga o traballo propio e o d@s que non están.

No verán de 2017 a Xunta tomou a decisión de dar un paso máis no deterioro da prestación do servizo ao pechar o centro de saúde en horario de tarde, decisión que este verán de 2018 pretende consolidar.

Esta decisión non ten xustificación. A demanda existente, tanto a ordinaria como a que se deriva das persoas desprazadas debida á época estival aumenta. A poboación non cambia os horarios da súa xornada laboral, na época estival segue precisando o horario de tarde. O peche non se publicita para tentar evitar as queixas das veciñas e veciños polo que son moitas as persoas que demandan atención en horario de tarde e ao non ter servizo desprazan a sobrecarga.

Prodúcese un aumento das persoas que acoden ao PAC, sobrecarga do resto do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas... Unha sobrecarga asistencial brutal e un deterioro da calidade asistencial. Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31356
Data envío: 24/05/2018 18:21:04.183

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

Que proceda a substituír ao persoal do Centro de Saúde de Cambados, tanto nas súas licenzas como vacacións.

Que realice todas as accións precisas para manter a asistencia sanitaria en horario completo de mañá e de tarde no centro de saúde de Cambados.

Que garanta a presenza de equipos completos de profesionais en todas as quendas do PAC do centro de saúde de Cambados.”

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/05/2018 18:21
Nº Rexistro: 31356
Data envío: 24/05/2018 18:21:04.183

María Montserrat Prado Cores na data 24/05/2018 18:12:18

Noa Presas Bergantiños na data 24/05/2018 18:12:23

Olalla Rodil Fernández na data 24/05/2018 18:12:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/05/2018 18:12:31

Xosé Luis Bará Torres na data 24/05/2018 18:12:35

Ana Pontón Mondelo na data 24/05/2018 18:12:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario de En Marea, detectado un erro no escrito con número de rexistro de entrada **27915**, solicita a súa RETIRADA.


Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 21/05/2018 17:22:20



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727